

## PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DAS TERRAS DA CARBA E MONSEIVANE

Sabela Figueira Tenreiro  
Carme Pernas Bermúdez

### RESUMO

Proxecto de posta en valor do patrimonio da zona que comprenden as terras da Serra da Carba e do Monseivane, no norte da comarca lucense da Terra Chá, xa na transición cara a Serra do Xistral, facendo desta zona un territorio-museo; non fosilizándoo senón converténdoo nun espacio vivo da memoria, pois tratamos con territorios vivos, dinámicos, en constante cambio e transformación.

### RESUMEN

*Proyecto de puesta en valor del patrimonio de la zona que comprenden las tierras de la Serra da Carba y del Monseivane, en el norte de la comarca lucense de A Terra Chá, ya en la transición hacia la Serra do Xistral, haciendo de esta zona un territorio-museo; no fosilizándolo sino intentando convertirlo en un espacio vivo de la memoria, pues tratamos con territorios vivos, dinámicos, en constante cambio y transformación.*

## 1. AS TERRAS DA CARBA E MONSEIVANE

### 1.1. Situación xeográfica

A Serra da Carba ven conformando a estribación sur da Serra do Xistral, que conforman as serras setentrionais da provincia de Lugo xunto coas serras da Toxiza e da Cadeira, que veñen a constituir a transición entre a mariña costeira e a meseta interior, marcando a divisoria de augas entre os ríos cantábricos (Landro, Ouro, Masma...) e atlánticos (Eume, Miño...). A orixe deste conxunto parece deberse a levantamentos tectónicos, provocando o brusco contacto coa comarca da Terra Chá. Precisamente a Serra da Carba e, no seu conxunto, a Serra do Xistral demarcan os lindes setentrionais desta comarca, que ven conformar a gran depresión central da provincia lucense. Ó mesmo tempo, a acción dos ríos costeiros (Landro, Ouro e Masma, fundamentalmente) e os

fenómenos periglaciares, unido á diversidade litoloxica, xogaron un papel fundamental na xénese destas serras<sup>1</sup>.

As cumes máis salientables da Serra da Carba son Penas da Mosa con 952 metros de altitude, Monseivane con 935 metros, Pena Cadeira con 919 m., Penas Mouras con 917 m., a Carba propiamente dita con 908 m., Chao de Lousas con 886 m., o Peñote ou Goía con 876 m. e pena da Cruz con 702 m.

Na Serra da Carba nacen diferentes correntes de auga que acaban conformando pequenos afluentes dos ríos Miño e Eume. Polo tanto, nesta zona enclávase o que poderíamos denominar Alto Miño ou Alto Eume.

En concreto, o río Eume nace entre un circo de montes gobernado polo Xistral (1.033 m.), entre altitudes superiores ós 900 metros (Coto Balsego, Seixo Branco, Río Pequeno, Lombo Longo, Redondiño...). Discorre sen moita presa polos lugares da Ponte, Carboeiro, Vacariza, Rego Cavado, Ferreiros, en dirección occidental, servindo de divisoria entre os Concellos de Muras e Abadín e tamén de Muras e Vilalba. Multitude de regatos vanse incorporando ó seu cauce ó tempo que perde altitude baixo a mirada dos montes do Cabradoiro, Riobó, Carba; recorre asimesmo os lugares da Balsa, pola Ponte Bermuz, Funqueixeira, Currás, Rebordelos, Balsa Pequena, Campo do Medio, Insua, ponte da Aintuna... para penetrar en seguida na demarcación de Muras. Este curso alto do río Eume destaca pola mellor calidade das súas augas e riqueza ictícola, por recibir escasos impactos contaminantes dada a práctica inexistencia de actividades industriais, unha baixa densidade de poboación, e unha orografía que impide en moitos casos unha explotación agrícola intensa das terras das ribeiras. Existe un estudio multidisciplinar elaborado pola Universidade de Santiago baixo a dirección do profesor Macías que considera que a contaminación neste tramo é prácticamente nula<sup>2</sup>.

Polas súas peculiaridades medioambientais, a Serra da Carba e, no seu conxunto, a Serra do Xistral constitúe un espacio natural catalogado como Lugar de Interese Comunitario (LIC) no ámbito da normativa legal europea da Rede Natura.

Recentemente a Serra do Xistral acaba de ser proposta como reserva da biosfera Alto Miño, distinción de gran importancia a nivel europeo e que se presentará ante a Unesco. A aprobación desta candidatura supoñería un gran aliciente para a dinamización turística e a promoción deste territorio<sup>3</sup>.

O gran valor ecolóxico desta zona reside na presencia de abundantes turbeiras e áreas pantanosas de tipo ácido, únicas en Europa. A Serra do Xistral contén o 37% do total que representa Galicia no tocante a estes hábitats na España atlántica, o que da idea da súa incuestionable importancia, e sobre todo tendo en conta a fragmentación destes ecosistemas<sup>4</sup>.

O conxunto declarado da Serra do Xistral, pertencente á rexión bioclimática atlántica, presenta unha superficie de 20.265 ha., comprendendo os Concellos de Abadín, Alfoz, As Pontes de García Rodríguez, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourol, Vilalba e Xermade.

---

<sup>1</sup> VV.AA. *Gran Atlas de Lugo*. “El Progreso”-Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2001.

<sup>2</sup> VARELA, José e LOBATO, Xurxo. *Eume*. Endesa, 1996.

<sup>3</sup> “O Xistral, incluída en la propuesta de reserva de la biosfera Alto Miño”. En “El Progreso”, 8 de maio de 2002.

<sup>4</sup> VV.AA. *Ob. cit.* 2001.

## 1.2. Parroquias

O proxecto de dinamización que propoñemos sobre as terras da Carba e Monseivane enclávase nas oito parroquias de Montouto (Abadín), San Simón da Costa, Vilapedre e Samarugo (Vilalba), Lousada (Xermade) e O Burgo, A Balsa e Irixoa (Muras), enclavadas en catro concellos pertencentes á comarca lucense da Terra Chá.

## 1.3. Poboación e recursos<sup>5</sup>

Esta zona concreta da Carba como incluída na comarca chairega presenta unha densidade demográfica moi baixa. A nivel comarcal segundo datos oficiais do Padrón municipal do 1 de xaneiro de 1999 a poboación absoluta cifrábase en 49.560 habitantes, correspondéndolle unha densidade de 27,7 hab./km<sup>2</sup>. Analizando a evolución da poboación nestas últimas décadas, observamos un descenso continuo que afecta a todos os municipios. Os nove municipios que componen esta extensa comarca perden poboación nos últimos 20 anos, uns con maior intensidade e outros de maneira menos contundente. Os casos más preocupantes refírense ós municipios menos poboados que presentan hoxe baixísimas densidades. É o caso da zona que nos ocupa. Poñendo o exemplo de Muras coa segunda densidade máis baixa da provincia de Lugo, perdendo un 47% da súa poboación dende 1981, Abadín un 28% e Xermade un 22%.

Pensemos no caso da parroquia de San Simón da Costa (Vilalba) que polo ano 1950 tiña censados 1.416 habitantes e no censo de 1996 descendeu a 592 habitantes, ou Vilapedre que no ano 1950 tiña 577 habitantes e descendeu no 1996 a 231<sup>6</sup>.

É de destacar tamén a elevada tasa de mortalidade polos altos porcentaxes de xente maior de 64 anos en todos estes municipios. No concello de Muras chega incluso a representar unha terceira parte da poboación; ademais as tasas de natalidade son moi baixas, o que orixina movementos naturais negativos en toda a comarca. A xuventude menor de 20 anos apenas supera o 18% en ningún dos municipios, representando en Muras tan só o 12,9% da poboación.

A base económica destas terras constitúena as actividades agropecuarias e o aproveitamento forestal. Os restantes sectores productivos apenas teñen relevancia empresarial, anque hai que destacar a importancia da industria eólica así como das miniqueixeras existentes na parroquia de San Simón da Costa (Vilalba). En canto ós usos do chan, é de destacar o predominio do matorral e forestal, sen esquecer o uso agrícola.

Nestas zonas de montaña destaca a gandería extensiva de aptitude cárnica, especialmente da raza rubia galega, así como gando equino igualmente en réxime de explotación extensiva. Ademais existen granxas avícolas e de gando porcino. A maioría das explotacións son de carácter familiar, anque contando con modernas instalacións. Non podemos esquecer a dedicación á apicultura a nivel familiar. Como exemplo da importancia da gandería destaca a celebración dalgunha feira e mercado gandeiro, como por exemplo a feira de gando de Muras.

<sup>5</sup> VV.AA. *Gran Atlas de Lugo*. “El Progreso”-Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, 2001.

VV.AA. *Galicia pueblo a pueblo*. A Coruña: “La Voz de Galicia”, 1993.

VV.AA. *Lugo y sus comarcas*. Lugo: “El Progreso”, 1998.

<sup>6</sup> ROCA CENDÁN, Manolo. “A poboación de Vilalba no século XX”. En *Programa das Festas Patronais de Vilalba*. Lugo: Asociación Cultural Festas San Ramón e Santa María de Vilalba, 2000.

## 1.4. Patrimonio

O patrimonio destas terras contén os sentimientos pasados e os nosos propios; escoitamos nelas a grave chamarada da serra, o doce son dos campos que falan do incesante traballar das nosas xentes, os ríos que devalan en muiñeira... En fin, toda esa paisaxe que arrecede a amor e a morte, a traballo e a festa, a alegría e a saudade, a resistencia e a soñares.

Isto non é “historia”: é vida<sup>7</sup>.

### 1.4.1. Natural

As terras da Carba e Monseivane non son máis que estribacións da Serra do Xistral cara o suroeste. Trátase dunha serra litoral de mediana altitude (700 metros de media), con predominio de formacións rochosas graníticas e metamórficas (pizarra, cuarcita, lutita, pelita, arenisca, caliza...), na que destacan as outuras do monte da Carba, o castelo de Goía, o pico de Monseivane e os lombos de Montouto, dende os que se pode divisar a inmensa planitude da Terra Chá ó lonxe.

A especial relevancia natural desta zona é a súa inclusión na Rede Natura, pola singularidade da súa flora e fauna, cun grande predominio de matorrais (toxos, xestas, brañas, buxos, carqueixas,...) e vexetación autóctona, áinda que nos últimos anos comezamos a ver unha proliferación masiva de pinos e, en moita menor medida, os eucaliptos debido ás adversidades do clima, anque destaca a masiva repoboación do alto de Goía a base exclusivamente de eucaliptos.

Destaquemos os grandes valores medioambientais que se atopan nas ribeiras dos ríos e regatos que bañan estas terras, coa existencia de grandes áreas de vexetación autóctona co predominio de bidueiras, salgueiros, ameneiros, avelairas, chopos, freixos, olmos, acívros, carballos, castiñeiro, uces, loureiros, xuncos, etc... A armoniosa paisaxe creada pola auga ofrece a posibilidade de disfrutar da combinación de praderías, cultivos, bosques autóctonos e un abundante cinturón de vexetación típica da ribeira, de gran valor ecológico que se conserva a pesares da invasión de pinos e eucaliptos, da proliferación de pistas da concentración parcelaria e da instalación de Parques eólicos.

Existen tamén na Serra do Xistral propriamente dita excepcionais ecosistemas formados por turbeiras de cobertor en zonas altas, de gran importancia a nivel europeo por albergar especies vexetais moi escasas e valiosas así como estritamente protexidas. Outros tipos de hábitats que podemos atopar son os lagos eutróficos naturais, augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas, lagos e estanques distróficos naturais, ríos de pisos de planicie a móntano, uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas, uceiras secas europeas, uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo, formacións herbosas con nardus con numerosas especies sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental), depresións sobre substratos turbosos, bosques aluviais e bosques de *Ilex aquifolium*. A composición florística destas turbeiras atópase enriquecida coa presencia de especies endémicas. Existen na zona especies de bolboretas consideradas como reliquias endémicas de períodos glaciares. Salientan como especies faunísticas o *pincaouro*, o *picanzo vermello*, o *picanzo real*, *papuxa montesa*, *saramaganta*, *lagartixa da serra* e *lagarto das silvas*. Entre as especies florísticas cabe destacar o *narciso*, o *esfagno* e o *woodwardia*<sup>8</sup>.

---

<sup>7</sup> Adaptación dun texto de Manolo Rivas.

<sup>8</sup> CD-Rom *Rede Natura 2000-Proposta Galega de Lugares de Importancia Comunitaria*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia.

#### 1.4.2. Arqueolóxico

É numeroso o patrimonio arqueolóxico co que nos podemos atopar nestas terras, pero na súa maior parte é descoñecido e atópase invadido pola maleza. Pensemos en numerosas mámoas, castros e penedos de interese que non son visitables polo estado de abandono en que se atopan.

##### **Altar de sacrificio de Bodán (San Simón da Costa, Vilalba).**

Situado preto do pazo e da capela de Bodán, trátase dunha pena na superficie da cal aparecen dúas grandes pías labradas na pedra (unha máis alta e pequena e outra máis baixa e grande) e unidas a través dun canal que vai dar ó borde da rocha. A súa proximidade a varias mámoas fai pensar que poidera tratarse dun altar de sacrificio de animais, que por aquel entón soian facerse e que, con posterioridade, foron considerados pagáns. De aí a ubicación de capela, ermidas ou cruceiros nas proximidades de mámoas, castros ou deste tipo de penas, tendo a función de elementos cristianizadores.

##### **Castro de Vilamaior (San Simón da Costa, Vilalba).**

Emprazado sobre un outeiro que se ve perfectamente indo pola estrada antes de chegar ó Catadoiro. Non merece a pena subir ata el porque está completamente cuberto de maleza, polo que resulta inaccesible, pero si é moi bonito percorrelo todo arredor, por un carreiro que pasa ó lado dunha ponte sobre o rego da Ribeira. O castro consérvase integralmente, é de época prerromana, de planta ovalada e mide 8.050 metros cuadrados de superficie. Conserva todo o muro defensivo así como a entrada orixinal cara o leste. Documéntase a existencia de numerosos achados no castro e arredores: restos cerámicos de varias formas e cores (marelo, gris, negro...), diferentes machados e varios utensilios da época paleolítica e neolítica atopados por veciños do lugar. Na croa existen restos de muros de varias construccions circulares construídas con xisto e con tixolos, bastante afumados pola súa cara interior, o que indica que se trataría de fornos. Os veciños coñecenos como “os fornos do castro” e afirman a existencia de escaleiras que accedían a eles, pero nada disto é visible se non se roza toda a maleza que as cubre.

##### **Mámoa “Chao da Arqueta” (San Simón da Costa, Vilalba).**

Situada no monte Rodís, tamén coñecida como “Forno da Arqueta”, é unha mámoa de pranta circular formada por dez chantos, sen corredor e coa entrada cara o Leste. Nos anos 40 as chantas estaban inclinadas hacia o centro e non tiña a pedra da cuberta. Hoxe tan só se adiviña sobre o terreo, pero é visitable.

##### **Penedos de Monseivane (San Simón da Costa, Vilalba).**

Numerosas penas emprazadas no monte Monseivane e nos seus arredores alcanzan gran curiosidade polo gran número de formas e pías e coviñas que poden chegar a ter na súa superficie. Isto inclina a pensar en posibles cultos ó sol, á lúa... e diferentes sacrificios animais. Pensemos na “Pena Cabalgada” no monte das Pandas, a “Pedra dos Mouros” en Funcasta, a “Pena da Raia” no monte das Albarizas, preto de Racamonde, etc... entre outras, xa documentadas e descritas por estudiosos do século XIX e XX que recorrieron estas paraxes do Monseivane, como Manuel Mato Vizoso ou Manuel Vázquez Seijas.

##### **Anta “Capela dos Mouros” (Samarugo, Vilalba).**

Atópase nos lindes entre Samarugo e San Simón da Costa, na parte meridional do monte de Monseivane, no conxunto de mámoas do Salgueiriño, onde comenzañ as terras

de labradío. Formada orixinariamente por sete pedras chantada. Da cámara hoxe só conserva catro enormes esteios e dúas laxes do corredor de entrada moi esnaquizadas. Tipolóxicamente adscríbese ós moimentos coa cámara de forma poligonal, pero con forte tendencia ó circulo e co corredor escasamente desenvolvido<sup>9</sup>.

#### **Necrópole da Abelleira (Lousada, Xermade).**

Constitúe unha necrópole formada por 17 mámoas das que tres foron escavadas por Bouza Brey. Das mámoas escavadas só se conservan tres chantos na mámoa número 1 que estaba formada por 7 esteios. A anta número 2 constaba de 6 esteios imbricados cunha pedra cobertora. A terceira posuía 7 esteios, tamén imbricados e con cobertura. Permanece unha anta coa cámara ó descuberto de forma rectangular, que tamén foi escavada. Nas escavacións de Bouza Brey atopouse un destacable enxoaval composto de diversos aparellos de material lítico (puntas de frecha, obxectos culturais, obxectos fusiformes, ídolos bétilos e pedras de afiar) e material cerámico (vasos sen decoración e anacos do campaniforme).

A necrópole atópase en moi mal estado e os poucos restos de antas que se albiscan nas mámoas corren un serio risco de desaparición<sup>10</sup>.

#### **Chanta de modia do Rairo-Porto de Bois ou “a chanta dos millós” (Vilapedre, Vilalba)<sup>11</sup>.**

Estaba nunha medoña que se desfixo para converter o terreo en terras de pasto. Mide aproximadamente un metro de altura, 106 cms. de ancho e un grosor medio de 21 cms. O esteio atópase decorado con coviñas das que a maioría son circulares, e as menos, alongadas. As coviñas son un motivo empregado e representado con profusión no Megalitismo da Península Ibérica.

#### **Castro de Vilapedre (Vilalba).**

Trátase dun castro de chaira irregular, de pranta circular, situado nunha pendente descendente cara o S.O. e O. Mide 7.900 metros cuadrados de superficie e é de época prerromana. Presenta un terraplén e unha muralla como elementos defensivos, composta con pedra e terra, da que só se conserva a metade, que resalta de modo prominente no terreo debido á súa destacada altura. Non ten antecastro. No seu interior presenta unha fraga de carballos, castaños, bidueiras e pinos e eucaliptos de recente plantación, tanto no muro como na croa. A súa propiedade é comunal debido á acción da concentración parcelaria.

#### 1.4.3. Arquitectónico

Neste apartado esbozaremos aqueles elementos más salientes da arquitectura relixiosa e civil da zona.

#### **Igrexa parroquial de San Simón da Costa (Vilalba).**

Construída a comezos do século XIX imitando os vellos modelos do século XVII da comarca do val do Landro. Presenta muros de cachotería de granito e xisto e cuberta con pizarra do país. De planta basilical de tres naves separadas por pilares de onde par-

<sup>9</sup> BOGA MOSCOSO, Ramón. *Dólmenes de Galicia*. A Coruña: Bahía Edicións, 1997. Páx.115.

<sup>10</sup> Ibidem. Páx. 112-113.

<sup>11</sup> Ibidem. Páx. 111-112.

ten arcos nas catro direccións, con capela maior, sacristía e torre-campanario ó pé da fachada de dous corpos e con remate en cúpula. No interior destaca o retablo maior do s. XVIII procedente da Igrexa vella.

#### **Escola habaneira do Valado (San Simón da Costa, Vilalba).**

Edificio de estilo colonial construído en 1921 pola Sociedade “Unión de San Simón y Samarugo”, fundada en 1913 por emigrantes da zona a Cuba para promover a cultura nestas terras. Foi escola e casa do mestre, de planta rectangular de dous andares, con cuberta de lousa a catro augas e de muros de cachotería de granito. Destaca a fachada de estilo colonial cun plafón decorativo que sobresae na parte superior central, co oco para o reloxo e unha inscrición coa data de construción.

#### **Capela de San Cidre dos Fornos (San Simón da Costa, Vilalba).**

Sinxela construcción rectangular con pórtico á entrada, de teito a dúas aguas de lousa do país e unha pequena espadana dun só oco co remate nunha cruz de pedra. Sufriu remodelacións sucesivas que se deixan ver no campanario e nos muros. No interior, detrás do altar presenta unha ornacina na mesma pedra do muro da cabeceira a modo de retablo. Conta cun total de dez imaxes, entre outros obxectos sacros.

#### **Pazo de Bodán (San Simón da Costa, Vilalba).**

Casa grande do século XV-XVI propiedade dos Marqueses de Ozores e morada durante séculos dos Sanjurjo e Montenegro. De planta rectangular, alcanza uns 30 m. de fronte totalmente construído en boa sillería de granito e con cuberta de lousa a catro augas. Na fachada principal, sobre a porta de entrada de arco de medio punto moldurado, campea o escudo de armas. Conserva a capela de San Roque, a eira de mallar, un hórreo, unha palleira e varios alpendres.

#### **Pazo de Pude (San Simón da Costa, Vilalba).**

Casa-torre construída entre finais do século XVI e principios do XVII, situada nunha pequena ladeira no medio dun caserío, que ten outras construccions e vivendas anexas. De planta en “L” formada por dous corpos rectangulares, de muros de sillería e mampostería granítica e cuberta de lousa a catro augas no seu corpo principal, onde presenta uns chanzos anexos e dous grandes escudos ocultos baixo unha galería de madeira, coas armas dos Montenegro, Andrade, Ulloa, Valcárcel e Aguiar. Conserva a capela da Nosa Señora da Guadalupe.

#### **Capela de San Xillao de Samarugo (Vilalba).**

Emprazada no lugar do Bidueiro. De forma rectangular con artesonado de madeira e pórtico na fachada con pequenas ventás ós lados da porta. Sobre unha delas lese: “Limosna de San Julián”. Na campá pódese ler esta inscripción: ”Nuestra Señora del Carmen, año 1779”. No marco desta capela, recentemente restaurada, faise tódolos anos unha festa na honra ó San Xillao.

#### **Pazo de Samarugo (Vilalba).**

Edificación medieval cunha interesante chimenea de pedra cuberta de bóveda a paños con oito ocos, de arco escarzano e de grande tamaño no seu conxunto. No século XVIII engadéuselle ó primitivo recinto un corpo saínte cunha gran escalinata de balaustarda barroca, dúas portas de arco adintelado e dous escudos de pedra colocados na cara que dá ó mediodía da casa, onde locen as armas dos Castro, Osorio, Pardo e Aguiar.

Nas cercanías áinda quedan as ruínas do castelo que o marechal Pardo de Cela intentou levantar en rivalidade cos Andrade. Actualmente é casa de labranza e o seu estado de conservación non é o desexado polas reformas levadas a cabo polos diferentes herdeiros que posúen o conxunto do pazo.

#### **Igrexa parroquial de Santiago de Samarugo (Vilalba).**

Os diferentes corpos de que se compón datan de diferentes épocas. A nave é do século XII, está cuberta de madeira a dúas augas cunha porta románica no muro derecho e dez canecillos na ala de dito muro. Un arco triunfal da paso á capela maior, do século XVI, con bóveda de nervios. A fachada principal é do século XVIII de pedra labrada e espadaña dun só corpo. No interior destacan os panteóns dos señores do Pazo de Samarugo e dous escudos, pois antano foi capela do Pazo. No atrio hai unha lápida sepulcral cunha "M" dos Montenegro, rematada en cruz e catro coroas nos ángulos.

#### **Cemiterio parroquial de Montouto (Abadín).**

Situado á subida dun monte no adro da vella Igrexa parroquial. A súa peculiaridade ven dada pola ubicación dos diversos nichos circundando o lugar que antano ocupaba a Igrexa, da que se conservan a cabeceira, a torre campanario e unha pía bautismal. Conserva algúns nichos de pedra e de estilo neogótico no seu remate, aínda que son os menos. A Igrexa vella databa do século XVI e foi cerrada ó culto en 1965 por amenazar grave ruína. No canto fíxose unha Igrexa nova prefabricada e dun estilo nada tradicional, que rompe coa estética da zona.

#### **Igrexa parroquial de San Mamede de Vilapedre (Vilalba).**

Actualmente a Igrexa parroquial vella atópase en desuso, no canto da que se construíu un novo templo en 1962. A Igrexa vella foi construída no século XVI, e conta con nave, arco triunfal, capela maior e sacristía. O arco triunfal do século XVI presenta un mascarón esculpido na clave. No interior sobresaen o retablo maior barroco popular con pinturas de cortinaxes no hastial, e numerosas tallas de diversa datación. Ó pe da Igrexa: a casa rectoral abandonada, o cementerio con nichos de pedra de estilo neogótico, e dous fermosos cruceiros de pedra.

#### **Capela do Santo Estevo da Balsa Pequena (Vilapedre, Vilalba).**

Edificio de planta rectangular con arco triunfal que separa a nave da cabeceira. Presenta os muros caleados e a cuberta con lousa do país a dúas augas. Porta principal adintelada e espadana dun so oco, sen campá. No muro lateral derecho ten un petitorio para deixar esmolas ó Santo, que conta con gran devoción na zona e arredores. No interior: retablo neoclásico popular con tres tallas, dúas do Santo Estevo e unha da Virxe das Dores.

#### **A ponte da Insua (Vilapedre, Vilalba).**

Ponte que atravesa o río Eume no camiño que leva ó barrio da Insua. Construída completamente en madeira, tanto a base como os pasamáns, e apoiada en grandes pilares de cachotería de pizarra a ambos lados do río. Ubicada nunha paraxe de ensoño, onde abunda a vexetación autóctona de ribeira, con carballos xa centenarios.

#### **Igrexa parroquial de Santa María da Balsa (Muras).**

Situada nun imponente lugar agreste, de gran beleza e escasamente poblado nos nosos días. Esta Igrexa foi fundada no s. XII para servir de parroquia a unha extensa zona montañesa, empezándose a construir o templo pola mesma época. No século seguinte

continouse a obra e a fachada. O pórtico e a capela maior son do século XVII. A espadaña é do s. XVIII. Na cabeceira presenta unha imaxe dunha Virxe en actitude de oración, que semella gran antigüedad.

#### **Cemiterio parroquial da Balsa (Muras).**

Cemiterio separado uns 500 metros da Igrexa parroquial, a través do Campo do Cura, nome polo que se coñece o adro. A súa gran beleza reside nos nichos de estilo neogótico tan característicos dos camposantos chairegos.

#### **A Ponte Bermuz (A Balsa, Vilalba e Muras).**

Ponte de gran rusticidade situada sobre o río Eume nunha paraxe de gran beleza, nos lindes entre A Balsa Pequena e a Balsa Grande, entre Vilalba e Muras respectivamente. Ten un gran arco de medio punto. A xente chámalle “a ponte romana”, aínda que data do século XVIII. É probable que a súa orixe sexa de época romana.

#### **Igrexa parroquial de San Xillao de Irixoa (Muras).**

Obra do século XVII, reformada no XVIII. Nave rectangular a dúas vertentes con sendas portas adinteladas no alzado sur e fachada. Muros de pedra con sillares de granito nas partes nobles, pavimento de lastras, teito de madeira, e cuberta de lousa. No seu entorno atópase o adro, interrumpido polo cemiterio, cun viacrucis de cruces baixas de granito sobre a parede do cierre.

#### **A Ponte de Samil (Irixoa, Muras).**

Ponte de vella e orixinal estructura de madeira, situada sobre o río Eume. Emprazada nunha zona de gran tranquilidade, agreste, onde a paisaxe se fai de novo co papel protagonista.

#### **Escola de Irixoa (Muras).**

Escola mixta construída en 1922 a expensas da Sociedade “Vivero y su Comarca”, composta por emigrantes da zona. Trátase dun edificio de planta rectangular, construído con muros de cachotería de granito caleados e lousado a catro augas. Presenta numerosos ventanais polo seu frente. Foi restaurada hai uns anos.

#### **Igrexa parroquial de Santa María do Burgo (Muras).**

Templo situado a moi escasos metros do río Eume, nun extremo moi cerca de Muras. É difícil datalo polas moitas reformas sufridas, aínda que sábase que parte do edificio data do século XVIII. Consta de nave, arco triunfal, capela maior e sancristía. Da fachada parten as escaleiras que soben ó campanario. Presenta un pórtico cuberto nun ángulo do hastial. Feita con muros de pedra, teito de madeira e cuberta de lousa. No interior: retablo maior e lateral esquierdo salomónicos e lateral derecho neoclásico, con esculturas de variada datación.

#### **Casa rectoral do Burgo (Muras).**

De planta rectangular, construída con muros de pedra de cachotería e cuberta de lousa. Nos seus muros empotráronse dous escudetes procedentes da antiga Torre de Muras. Os dous son de tamaño similar. Un representa unha águia e outro seis roeis e dous lebreles pasantes.

#### **Capela de Santa Cruz de Seilán (O Burgo, Muras).**

Esta capela é, probablemente, de fins do século XV ou comenzaos do XVI. Acusa certa rusticidade, con muros de cachote e pizarra, pavimento de lastras, esquinais e mar-

caxes de granito e cuberta de pizarra a dúas augas. Consta de nave e ábside más reducido. Na fachada ten unha porta de arco de medio punto e unha espadana dun so oco. No seu interior, aínda que repintadas, atópanse algunhas esculturas do s. XVI (Nosa Señora de Seilán) e XVII (San Antón de Padua); ademáis pódese ver unha Santa que trouxo ata este lugar unha enchente do río.

#### **Igrexa parroquial de Santo André de Lousada (Xermade).**

Edificio moderno inaugurado no ano 1962, cun gran mosaico no frontón da fachada principal, que veu a sustituir á Igrexa vella que se emprazaba no lugar de Choutas. A antiga rectoral e maila Igrexa foron tiradas para construír a nova Igrexa no antigo campo da feira, onde atopamos o cruceiro do adro e unha antiga escola.

#### **Capela de San Xoán (Lousada de Arriba, Xermade).**

Edificio de planta rectangular, cuberto de madeira a dúas augas e reconstruído en época recente. Non ten retablo e conserva dúas tallas de San Xoán Bautista do século XVIII.

#### **Igrexa parroquial do Fondal (Lousada de Abaixo, Xermade).**

Reconstruída en época recente, no seu interior contén varias tallas antigas de diferente datación. O seu titular é o Cristo do Fondal.

### 1.4.4. Etnográfico. "A tradición nunca traizoa". Castelao

De entre o numeroso patrimonio etnográfico existente imos citar tan só varios exemplos do patrimonio material e do patrimonio inmaterial, con referencia a muíños, cruceiros, petos de ánimas, aldeas, contos e lendas, festas e romaría, entre as numerosas mostras de arquitectura popular, de patrimonio moble e de celebracións festivas con que nos deleita esta zona, no que non imos profundizar por non seren obxecto deste traballo.

#### 1.4.4.1. Material

##### **Cristo de Don Lucas, A Arca (Montouto, Abadín).**

Cruceiro de pedra de granito con base cuadrangular, fuste de pequeno tamaño de sección octogonal, capitel moldurado bastante sobresaínte e cruz latina cos remates en fror. O brazo superior partiu xa hai anos. Hoxe é coñecido polo Crito da Arca, aínda que toda a vida foi coñecido polo Cristo de Don Lucas, sen saberen moi ben porqué.

##### **Neveiras de Toxoso (Montouto, Abadín).**

Construccións populares características desta zona da Carba, dando nomes a varios montes da Carba e Montouto: o Monte da Neveira, o Alto da Niveira e as Neveiras de Toxoso. Son construccións que se facían nos montes a modo de foso profundo emparellado con cachotes, que servían para xuntar e pisar unha grande cantidade de neve, aproveitando as grandes nevaradas que azotaban estas zonas no inverno. Ás veces tiñan un cano co fin de deszumar a agua e aprisionar mellor a neve. Logo transportábase para Ferrol e para outros puntos da mariña. Actualmente sábese da localización e conservación de dúas neveiras na zona.

##### **Foxos dos lobos de Montouto (Abadín).**

Construccións que se facían antano nos montes co fin de matar os lobos que campeaban pola zona. Soía ser unha cova que se cubría por riba con varas de salgueiro ou xesta, para que pasase desapercibida polo lobo e caese na trampa. Formaban parte das

campañas de persecucións que as xentes empregaban contra os lobos, como complemento das constantes monterías.

Nos lombos de Montouto coñécese a existencia de dous foxos, ben conservados e preto dos eólicos.

#### **Cruceiro do adro de San Simón da Costa (Vilalba).**

É un dos cruceiros máis antigos da parroquia, que data do ano 1798 segundo inscrición. Feito en grantio, consta de plataforma con 4 peldaños, unha base moldurada de dous corpos, fuste de sección octogonal, capitel decorado cunha moldura circular na parte inferior e a parte superior en forma troncopiramidal invertida decorada con caras de anxos e volutas nas esquinas. A cruz de remates florenzados presenta cristo crucificado no anverso e Virxe da Piedade no reverso.

#### **Cruceiro de Penaserra (San Simón da Costa, Vilalba).**

Cruceiro de granito que consta dunha basa cúbica con parte superior troncopiramidal, fuste de sección octogonal decorado no seu frente cos instrumentos da Paixón, capitel de forma troncopiramidal invertida decorado con caras de anxos e volutas nas esquinas e cruz con Cristo crucificado no anverso, flanqueado por catro imaxes (dúas no anverso e dúas no reverso) que aínda conservan a súa policromía orixinal. Foi feito pola familia de canteiros dos Carboeira de Román (Vilalba), de aí o seu estilo tan característico.

#### **Cruceiro do Cabradoiro (San Simón da Costa, Vilalba).**

Cruceiro feito en granito que consta de base troncopiramidal, fuste de pequeno tamaño sen decorar, capitel decorado con anxos e volutas e cruz con cristo crucificado no anverso, con remates en fror. Podémolo chamar o cristo que ri, polas súas características faciais. Presenta unha inscrición ilexible na base.

#### **Muíño do Santomé (San Simón da Costa, Vilalba).**

Trátase dun muíño de cubo de propiedade privada (non é de parceiros), un dos mellor conservados da parroquia. Bañado polo rego Laxoso, está construído con mampostería e cachotería de granito e cuberto con lousa do país a dúas augas, con dous pináculos decorativos nos remates. Conta con tres pedras de moer. Data do ano 1909 e pertence á familia propietaria do pazo das Folgueiras, moi preto do lugar. Foi fundado por D. Ramón Santomé. Actualmente non moe, e vai ser restaurado polo seu dono.

#### **Muíño do Carballotorto (San Simón da Costa, Vilalba).**

Trátase dun muíño de cal, de propiedade comunal: de parceiros. Construído con cachotería de xisto e cuberta con lousa de país a dúas augas. Bañado polo río Eume nos confíns entre os Concellos de Vilalba e Muras. Na documentación do Catastro da Ensenada referente á parroquia de San Simón da Costa, que data do 1753, xa ven referido este muíño que moía cunha roda e auga corrente catro meses do ano, regulando o seu producto en 40 reais de vellón ó ano. Actualmente aínda segue a moer. O seu carón atópase un pequeno caseto de produción eléctrica para as aldeas circundantes, hoxe en desuso.

#### **Aldea do Couso (San Simón da Costa, Vilalba).**

Aldea abandonada que aínda garda o seu encanto como mostra de arquitectura popular da zona e preto da que podemos atopar un recuncho de varias fervenzas que vai debuxando o rego de Laxoso. Aproveitando a之力 hidráulica, atopamos no contorno unha moa de afiar, un caseto da luz e un muíño que servía a estas casas.

**Cruceiro da Ponte (A Ribeira, Samarugo, Vilalba).**

Cruceiro feito en granito, de base troncopiramidal, fuste de sección octogonal cos remates cuadrangulares, capitel troncopiramidal invertido decorado con anxos e volutas e cruz coas imaxes de Cristo no anverso e a Virxe no lateral esquierdo, franqueadas por dúas imaxes no lateral derecho. É do estilo dos Carboeira.

**Petos de ánimas do Pazo (Lousada de Abaixo, Xermade).**

Son dous petitorios emprazados no lugar do Pazo á beira da estrada. Un data de 1900 e o outro de 1952. Son pequenas construccíons en pedra e con cuberta de lousa a dúas augas. O primeiro garda nunha vitrina un cristo crucificado en bronce e o segundo unha imaxe entronizada de estilo neogótico.

**Cruceiro do adro de Vilapedre (Vilalba).**

Tamén coñecido como Cristo da Amada, por seren donación desta señora de casa pudiente e nativa de Vilapedre. Data de principios do século XX. Feito en granito, consta de plataforma irregular conformada por un chanzo, base cuadrangular inferior e piramidal truncada na parte superior, fuste ochavado con remates cuadrangulares e decorado no frente cos instrumentos da Paixón, capitel decorado con anxos e volutas, cruz ochavada coa imaxe de Cristo crucificado no anverso que orixinariamente estaba flanqueado por catro Santos. Conserva restos de policromía no fuste e nos remates da cruz.

Emprázase no adro da Igrexa vella de Vilapedre.

**Cristo da Micaela (Vilapedre, Vilalba).**

Ubicada no alto do monte ó pé do antigo camiño real. Del tan só quedan as referencias orais das xentes da zona, pois só conserva a base de pedra. Parece ser que a cruz foi rota en tempos anteriores á guerra civil. É curioso referir este cristo, pois as Terras da Carba e Monseivane eran atravesadas polo antigo camiño real procedente de Mondoñedo en dirección de Ferrol e Viveiro. Ó pé deste fican na memoria numerosas cruces de pedra e de ferro que hoxe xa non existen, algunas destruídas polo paso do tempo e outras polo trazado incontrolado das pistas da concentración parcelaria. Sen embargo, aínda a xente se lembra delas.

**Pedra-dintel de Porrás (Vilapedre, Vilalba).**

Curiosa pedra de forma triangular, antano colocada no dintel dunha vella casa de pedra do lugar de Porrás e hoxe tirada ó lado dela e ó pé dun camiño por mor de diversas reformas acometidas na casa. Non é de granito, senón de pedra morta. A súa curiosidade reside no relevo que contén: na parte esquerda unha cruz grega moi ben lograda e na parte dereita unha estrela de David. As xentes atribúena ós mouros. Dende logo, semella gran antigüedad, mesmo podendo atribuíla ó gremio do canteiro que esculpíu a pedra, dado que os xudíos tiñan moita relación co mundo dos oficios. Trataíase dunha marca que o canteiro decidiu deixar no seu traballo.

**Aldea de Bustofreán (Vilapedre, Vilalba).**

Aldea abandonada situada no mesmo corazón da Serra da Carba, nun entorno privilexiado de montes poboados por fragas, bañados polo rego do Casal que nace no monte da Carba e desemboca no río Eume. Formada por catro casas e dous alpendres, construídos en cachotería de xisto, granito e seixo, coas cubertas de lousa do país. Recordan os máis vellos que cando este lugar estaba habitado e viñan as grandes nevaradas no inverno, as caixas dos difuntos arrolábanse polo monte adiante coa axuda de cordas que

permitisen transportalo ata a Igrexa parroquial de Vilapedre. A zona máis montañosa de Vilapedre, onde se enclava esta aldea, era coñecida pola Vilapedre Pequena.

#### **Aldea de Carregal (O Burgo, Muras).**

Emprazada nun lugar de gran beleza onde de novo o río como protagonista está custodiado polas montañas que o rodean: montes de Xelgaiz, de Carracedo e a Serra das Campas. Despós do lugar de Batán e moi pretillo de Carregal, dous pequenos muíños, en bo estado de conservación, comparten presa a ambos lados do río Eume, no lugar de Pena de Xelgaiz onde o río fai unha gran reviravolta, e xa non moi lonxe do límite coa provincia de Coruña e co Concello das Pontes de García Rodríguez.

#### **Aldea de Ponte Bermuz (A Balsa, Muras).**

Aldea emprazada nunha ladeira onde podemos ver varias casas caleadas e en muros de pedra de xisto, granito e seixo á vista. Dende este lugar podemos albiscar parte da Serra do Xistral, da Serra da Carba e dos montes do Guriscado. Moi pretillo de aquí transcorre o río Eume, podendo visitar a Ponte Bermuz do século XVIII e un muíño de parceiros que moe con tres pedras.

#### **Cruceiro do adro (Irixoa, Muras).**

Feito en granito, consta de base troncopiramidal con inscricións, fuste ochavado cos remates cuadrangulares e a parte superior decorada con rombos e roeis, capitel troncopiramidal invertido decorado con anxos e volutas e cruz ochavada coas imaxes de Cristo crucificado no anverso e a Virxe no reverso, cos remates en fror. É do estilo dos canteiros de Carboira da zona vilalbesa de Román. Emprázase no adro da Igrexa parroquial de Irixoa, acompañado por moitas más cruces de pedra nun circundo de 500 metros á redonda, que se emprazan á beira do camiño que vai para a Igrexa.

#### 1.4.4.2. Inmaterial

Neste apartado imos referir algunas festas e romarías que se celebran polas Terras da Carba, así como parte das moitas lendas, contos e historias que se empezaron a recoller nesta zona dende hai anos. Algunhas delas son de recolleita propia.

#### **A lenda do río Eume.**

Conta a lenda que cando Deus creou os ríos, mandou nacer tres xuntos na Serra do Xistral. Aínda que as fontes manan do mesmo manantial foron abocadas para distintas ladeiras e recibiron a promesa de que cada ano tería un home aquel que primeiro chegarase ó mar. Deulles categorías divinas con resonancias gregas, Eume ó da rampa de poniente que debía fertilizar as terras das Pontes; Landro o da vertiente do Norte , que fecundaría as carballeiras e faríalles producir landras; e o Masma que crearía coa súa chegada ó mar as masmas, marismas. Recén nados acordaron descansar un pouco no camiño, pacto que só cumpliu o Eume. Ó enterarse da traición dos compañeiros, enfurecido acelerou a súa marcha pola Capela e Caaveiro e logrou chegar primeiro. Por eso, conclue a terrible lenda, tódolos anos afóbouse unha persona nas súas augas<sup>12</sup>.

**A lenda da Lagoa (Castelo de Goía, Xermade).** No chao que hai entre as Serras do Castelo e o mesmo Castelo, hai unha lagoa que seca de vrao e que se enche de inverno polas choivas.

<sup>12</sup> VARELA, José e LOBATO, Xurxo. *Eume*. Endesa, 1996.

Cóntase que no fondo había unha campá de ouro. Esa campá ninguén a pode ver, xa que nos meses en que non hai auga, ou ben se enterra ou aparece un monstruo que vive debaixo das augas que a enterra consigo.

Así aconteceu un día que ó cura da parroquia antoxóuselle que a súa Igrexa debía de ter unha campá de ouro. O primeiro que fixo o cura foi pedirlle a un recién chegado de Cuba o libro de maxia negra. Colleu o libro e leuno xunto có sacerdote á beira da lagoa. Cando o estaba lendo abríronse as augas da lagoa, entón o cura deulle o libro ó sacerdote e díolle:

- “Terma do libro mentres que eu entro pola campá, e non se che ocorra cerralo, porque se nón, cerránse tamén as augas”.

Entrou o cura e cando estaba dentro, o sacerdote, para que a xeadas non mollasse as tapas do libro, cerroulo, cerrándose así tamén as augas, e saíndo a frote naquel mesmo momento os pulmóns do cura, escapando o sacerdote con moito medo porque acababa de ver a cabeza do monstruo enriba das augas.

#### **Lenda da Fontoriza (San Simón da Costa, Vilalba).**

“Din os máis vellos que na Fontoriza había un encanto: cando a María do Ramón ía coa sella á auga, había unha galiña con moitos pitos dourados. Logo chegaban á fonte, a Xulia e a Dores de Pepeñovo e o que vían era unha porca con ranchos. Colleron tal susto que botaron a correr e deixaron as sellas da auga ó pé da fonte”<sup>13</sup>.

#### **Meigas en Pontecabalos (San Simón da Costa, Vilalba).**

“O tío Manuel do Moncho cando ía ás mozas ó Valado tiña que pasar pola ponte de Pontecabalos. Era unha ponte moi estreita pola que só cabía unha persoa. Cando chegaba alí atopábase coas meigas que estaban fiando e non lle querían deixar pasar. El levaba un obxecto bendito ó que lle tocaba, quedando as meigas desconxuradas e sen poder. Se non levaba un obxecto bendito, acompañábanlo ata a casa e poñíanselle na porta para non deixalo pasar. O señor Manuel sempre levaba consigo algúns obxectos benditos”<sup>14</sup>.

#### **De volta de Castela (San Simón da Costa, Vilalba).**

“Unha vez un galego foi a Castela ás segas e, cando remataron a faena e volvíán para a casa, e dixéronlle se quería levar un recado que ben pagado sería. O segador aceprou e déronlle catro bolos con catro cornos que os tiña que tirar no pozo da Mainón. Alá se ven o bo do home cos catro bolos e, cando chegou á casa, a muller arrancoulle un corno a un bolo e o bolo deu en sangrar. Daquela o home colleu os bolos e foinos tirar ó pozo tal e como lle mandaran. Tirou un dos bolos e saíu un cabaleiro que lle dixo:

- Atrás virá quen che pagará.

Tirou outro douxo bolos e tamén saíu outro cabaleiro que lle dixo:

- Atrás virá quen che pagará.

Outro tanto aconteceu cando tirou o terceiro dos bolos. Por último tirou o bolo ó que a muller lle arrancara o corno. Saíu un cabaleiro nun cabalo coxo pois faltáballe unha pata.

---

<sup>13</sup> A Carón do Lume. Alumnos do Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo. Recolleita de San Simón da Costa a cargo de Xesús Vázquez Márquez. Lugo: Citania, 1999.

<sup>14</sup> Ibidem.

O cabaleiro deulle unha fita e díxolle:

-Toma esta fita e átella á súa muller arredor do corpo.

O home colleu a fita e púxose en camiño da súa casa, pero no camiño atouelle a fita a un carballo —que non estaba moi lonxe do pozo onde tirara os bolos- e, en canto lle atou a fita, o carballo foise cara o pozo coas raíces ó aire”<sup>15</sup>.

#### **O encanto do castro de Vilamaior (San Simón da Costa, Vilalba).**

Cóntase que en certa ocasión “chegou unha fada ó castro de Vilamaior e pedíulle a unha vellíña que atopou no camiño unha cunca de nata. A fada ou dona que tiña poderes sobre as augas, ofreceulle á señora en troco da cunca, unha fonte da mellor auga que lle poñería na mesma porta da súa casa. A vella non quixo o trato, e a fada levou a fonte onde ningúen pode servirse dela, debaixo do muíño de Golariz, á beira do rego das Cancelas”<sup>16</sup>.

#### **O encanto do prado do Costeiro (Pude, San Simón da Costa, Vilalba).**

“Había unha criada en Pude que viña á herba a un prado que lle chaman o Costeiro, e unha vez presentouselle alí o encanto. O encanto ofreceulle á criada moito ouro se lle axudaba a se desencantar. Ela díxolle que sí.

O encanto explicoulle que cando volvese á herba íalle meter no cesto unha cobra e que ela, sen medo, tiña que toparle co dedo na cabeza. E porfioulle moito en que o fixese así, pois se non o facía xa nunca máis o podería desencantar.

-¿Dasme palabra?

-Sí, dou.

- Non me teñas medo, que non che faigo mal... Tópame cun dedo na cabeza e eu quedo desencantado.

Pero o día que volveu, cando víu a cobra no cesto dixo:

-Ai, Xesús!

E marchou correndo. E nunca máis”<sup>17</sup>.

#### **Lenda da vella Catalina (Terras da Carba).**

Cóntase que “o día anterior ao estalido da guerra civil española apareceu nunha casa do lugar (zona da Serra da Carba) unha vella con aspeito de pobriña solicitando cobixo. Pola noite, a carón da lareira, foi relatando estranos sucedidos da súa vida, polo que a tomaron por tola. Nunha das sentencias asegurou “Dentro de mañá e durante tres anos moitos van a morrer por min”. Á mañá seguinte moi cedo desapareceu, e pouco máis tarde chegou a nova da sublevación de África”<sup>18</sup>.

#### **Conto da capela do Cabradoiro (San Simón da Costa, Vilalba).**

Cóntase desta capela que “hai moitos anos cando estaban doux veciños do Cabradoiro desfacendo nela, un deles atopou unha ola chea de moedas de prata e que, polo visto, ó descubrir tal tesouro díxolle o compadre:

<sup>15</sup> Ibidem.

<sup>16</sup> REIGOSA CARREIRAS, A. “Notas para unha clasificación das historias e lendas da Terra Chá”. En “El Progreso”, 8/8/1989.

<sup>17</sup> Informante: Ángel Carballeira, Cornas, Samarugo, Vilalba. 6-1995. Arquivo E. Chaira: 27065130. En CUBA RODRÍGUEZ, X.R. e REIGOSA CARREIRAS, A. “Xeografía mítica da provincia de Lugo (I). Cen lugares con lenda”, na “Croa”, nº 8, 1998.

<sup>18</sup> NASEIRO RAMUDO, P. “Historias e lendas da Terra Chá”, en “El Progreso”, 8/8/1989.

-É mellor irmos indo. Está anoitecendo e hai que meter o gado.

-Iremos logo –respostou o avó da Maruxa.

E pola noite o espabilado voltou á capela e fíxose co tesouro. O outro, inocente del, non soubo nada ata que comenzou a ver unha repentina prosperidade na casa do lado”<sup>19</sup>.

### O lugar das Campas (San Simón da Costa, Vilalba).

O nome do barrio das Campas procede dunha anterga tradición segundo a cal hai tempo había no medio do monte unhas campás que tocaba o crego, para facer notar a súa presencia, que viña da lonxana parroquia pontesa do Freixo, pois neste territorio non había curato<sup>20</sup>.

### Unha de Cruces (San Simón da Costa, Vilalba).

“Veu unha vez unha misión a San Simón. Díxose na Igrexa que tódolos feligreses que tiveran cruces na casa, as trouxeran para seren bendecidas. Ao día seguinte no medio da cerimonia da bendición apareceu un veciño coa muller ao lombo dicindo estas palabras:

-Tráigolle a cruz máis grande que teño na casa”<sup>21</sup>.

### As monterías.

“Ind’os lobos campan en moitas parroquias d’a Mondañedo, de día e de noite, matando e comendo vacas, bestas, cabras y ovellas; e por eso fanse montarías, de cando en vez, n-os concellos de’Abadín, Alfoz, Mondañedo, Pastoriza e Valadouro.

Onda máis montarías se fan é n-a parroquia de Labrada, concello d'a Abadín.

Nós estivemos n-a que tivo lugar o 27 de mayo de 1922, en Toxoso.

Toxoso é un monte que s’ergue a unhos 900 metros sobor d'o nivel d'o mar e pertenece á citada parroquia.

Formaron a manga, según s’adoita, os cordós siguientes, que se puxeron pol-o orde que citan:

Montouto, San Simón da la Cuesta, Samarugo, Corbelle, Fanoy, Romariz e Labrada. (...)”<sup>22</sup>.

### A misa.

“En Labrada, Fanoy, San Simón da la Cuesta, Romariz y otras parroquias cando as campás tocan á misa, a xente dí, descobríndose os homes:

-¡Dios nos dea parte n-ela e máis n-o qu’hay dentro!”<sup>23</sup>.

No tocante ás festas e romarías, dicir que en tódalas parroquias (Montouto, San Simón da Costa, Vilapedre, Samarugo, Lousada, O Burgo, A Balsa e Irixoa) se celebran

<sup>19</sup> Recolleita propia. Informante: Maruxa de Cas Román do lugar do Cabradoiro, San Simón da Costa, Vilalba. Data: abril 2002.

<sup>20</sup> CUBA RODRÍGUEZ, X.R. e REIGOSA CARREIRAS, A. “Xeografía mítica da provincia de Lugo (I). Cen lugares con lenda”, na “*Croa*”, nº 8, 1998.

<sup>21</sup> Recolleita propia. Informante: Xosé do Miragaia. Lugar do Coto, Ferreira-San Martiño de Lanzós, Vilalba. Data: febreiro 2002.

<sup>22</sup> LENCE SANTAR, Eduardo. *Etnografía Mindoniense*. Edición de Armando Requeijo. A Coruña: Follas Novas, 2000.

<sup>23</sup> Ibidem.

as típicas festas na honra o patrón titular da parroquia, coa celebración de misas, procesións, merendas e bailes ó son de diferentes orquestas do noso país. De entre as celebracións festivas que cabe salientar, silanamos:

#### **Feira do poltro e gando bravo de Muras.**

Ten lugar o último domingo de setembro no Porto da Gañidoira, monte comunal que ten unha extensión de 22 hectáreas e que está repoboado con frondosos pinos dende hai xa moitos anos. A feira consiste na recepción do gando salvaxe o sábado pola tarde e o día seguinte pola mañá, efectuándose as respectivas transaccións de compra e venda do gando exposto; hai tamén premios para os mellores exemplares e para os gañadores da carreira de cabalos que ten lugar ás cinco da tarde. Ademáis pódese degustar carne de poltro e de becerro dos montes de Muras dunha excelente calidade.

#### **Festa do Queixo e outros productos da Terra Chá (Vilalba).**

Festa que se celebra na vila de Vilalba coincidindo coa feira de abril da capital chairega, o primeiro domingo de abril que non coincide en día 1. Hai pregón, degustación de productos típicos da comarca e doutros puntos de Galicia e incluso Asturias, pasarrúas, sesión vermu e verbena á noite. Faise dende 1995 para exaltar o queixo de San Simón da Costa, como producto galego de calidade con Denominación de Orixe.

#### **Romaría do San Cidre dos Fornos (San Simón da Costa, Vilalba).**

Romaría que se celebra en maio tódolos anos na honra ó patrón da capela do San Cidre dos Fornos, con gran devoción, procesión, imposición do Santo, circunvalación do santuario, merenda campestre e verbena.

#### **Romaría do San Estevo da Balsa Pequena (Vilapedre, Vilalba).**

Romaría que se celebra anualmente o segundo fin de semana de outubro na honra a Santo Estevo, con gran devoción, procesión, imposición do Santo, circunvalación do santuario, merendas campestres e grandes verbenas con orquestas. Entre as ofrendas que se lle fan ó Santo destacan os exvotos de cera, panos e garabatas. Os panos ofrécenos as mulleres á Virxe das Dores, namentres que os homes ofrecen garabatas ó Santo Estevo cando ían marchar para o servicio militar.

#### **Romaría do San Xillao de Samarugo (Vilalba).**

Romaría que se celebra anualmente o 6 de maio na honra ó patrón da capela do Bidueiro. Celébrase misa, procesión e verbena con orquestas.

#### 1.4.5. Industrial

Dende o punto de vista do patrimonio que se pode considerar industrial, temos que destacar as pequenas prantas de luz eléctrica que se ubican nas beiras dos ríos e aproveitando moitas veces vellos muíños en desuso que levaron a luz a esta zona polos anos 60 e 70 antes da electrificación destes lugares.

Salientable é tamén a ladrilleira de San Simón que polos anos 80 estivo en pleno auxe e hoxe está en pleno abandono dende hai máis dunha década.

Pascual Madoz xa refería a mediados do XIX unha fábrica de louza no lugar das Folgueiras de San Simón da Costa que estaba en pleno auxe por aqueles tempos e que os veciños indican que era unha fábrica que se imprantou na zona para producir para Sargadelos, pola explotación dunha mina de feldespato que se facía no lugar de Casal, nas ladeiras do monte de Monseivane.

Cabe falar da proliferación de pequenas industrias queixeiras ubicadas todas elas na zona de San Simón da Costa e arredores, sumando un total de sete.

As antigas minas de ferro de Lousada, hoxe en abandono, tamén son de salientar. Delas extraíase gran cantidade deste mineral. Agora forman uns grandes lagos para os que existe un proxecto de crear unha área recreativa con pesca en lago. Pénsase que xa en épocas castrexas estas minas foron explotadas.

Fai preto dun século, existiu en Muras, na rúa do Burgo, unha fábrica de fundición de ferro na marxe dereita do Camiño Real que conduce a Muras e do río Eume, frente o lugar de Vilar.

No 1945 tamén se montou unha gran industria hidroeléctrica preto do chamado “Puente Nuevo” de Muras, nas marxes do río Eume, que se denominou “La Electra Muresa” e producía alumeados para máis de 14 parroquias, levando os seus servicios, a luz e o progreso ata as portas de Vilalba.

Ferroplast, situada en Muras, é unha fábrica que aproveita as augas do río Eume. Foi construída fai uns sesenta anos sobre unha antiga central hidroeléctrica (A Electra Muresa de 1945) e a súa produción é tubería de plástico e accesorios. Ten almacéns por toda España, en Portugal e unha segunda factoría de produción en Granada. Ten unha plantilla de 150 persoas.

Tepsa, de recente construción, atópase situada á carón de Ferroplast e a súa producción é de envases para pescado e ocupa oredor de 20 persoas.

Non debemos esquecer a proliferación dos Parques Eólicos pola zona que tratamos, cun impacto visual bastante grande, provocado no soio polos muíños senón tamén polas pistas que se abren para o seu acceso.

#### 1.4.6. Gastronómico

A nivel gastronómico o grande protagonista é o queixo de San Simón da Costa e os seus derivados (requeixo e outros), tan peculiar dende tempos inmemoriais moitas veces utilizado para pagar todo tipo de favores. Dende 1999 conta con Denominación de Orixe. É un producto de gran calidad, de peculiar forma e sabor, gracias á calidad dos prados e gando autóctono da zona. O seu carácter afumado venlle da leña de abidueira, que fai deste queixo en forma de peonza un exquisito manxar de inconfundible sabor.

Outros productos a destacar son a mel, producida a nivel familiar, así como as carnes, destacando o lacón, chourizos e outros derivados do porco. Non menos salienteable son a calidad das carnes do gando vacún, cabalar, o vino e caprino. Os roscóns de améndoia , os freixós á pedra, as típicas filloas de sangre, etc...

Unha grande tradición na zona é a caza e maila pesca, podendo degustar este tipo de carnes (xabarín, corzo, perdices, lebres, troitas...) nas diversas tabernas da zona.

O tradicional capón (pitos cebados) tamén é motivo dunha feira que se celebra tódolos anos en Vilalba no mes de Nadal, de moita sona a nivel máis que nacional.

A recollida de cogumelos faise sempre de cara a unha posterior venda, sen haber tradición culinaria deste producto pola zona, mesmo habendo unha grande riqueza de fungos. Pouco a pouco vaise facendo máis ampla a introducción da cultura dos cogumelos nas costumbres de cociña local, dado a imprantación dunha pranta de envase e distribución de cogumelos en Mourence (Vilalba) e tamén á exaltación deste producto na comarca veciña do Eume, coa celebración dunha feira de cogumelos nas Pontes de García Rodríguez.

Tamén cabe salientar a calidad dos grelos e das patacas que se recollen pola zona.

## 2. ¿POR QUÉ UN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DESTA ZONA?

Temos que partir que estamos nunha zona cunha gran variedade de recursos patrimoniais e turísticos sen explotar que, dende logo, poderían constituír unha oferta realmente atractiva e respetuosa á súa vez co medio se se chega a realizar o proxecto de dinamización que nós propoñemos, e máxime se temos en conta que as terras da Carba e Monseivane constitúen un espacio natural incluído dentro da Rede Natura que será proposto e defendido ante a Unesco como candidato a ser catalogado reserva da biosfera Alto Miño.

Tentamos que a nosa proposta se deseñe sobre un proxecto de desenrollo sostible, cunha visión aberta e dinamizadora que se transforme e evolucione cos tempos, é dicir, que vaia mellorando acorde coas demandas.

Esta zona, como moitas outras zonas rurais cunha economía baseada no sector primario, sofre no seu lombo moitos deses males que presenta o noso século. Pensemso tan soio nese inhumano avance das novas tecnoloxías, que en tan pouco tempo levaron a un cambio tan radical, nun mundo onde o *renacemento* non tivo lugar: no rural galego da Idade Media pasouse á contemporaneidade máis absoluta, cun esquecemento repentinio das nosas tradicións e a forma de vida de antano. Tampouco negamos o progreso, pero aplicado con intelixencia, sen esquecer que para labrar un futuro fai falla ser bo coñecedor do pasado, aprendendo dos nosos errores e virtudes: ¿qué mellor ferramenta didáctica que a bagaxe colectiva dun pobo?

Precisamente estamos nunha zona que se doe dun grande despoboamento rural que se deu ó longo das últimas décadas, e que segue o seu curso..., sen trazas –polo momento– de mellorar, cunha serie de problemáticas engadidas en torno ó agro.

Por seren unha zona de interior esquecida e con esta problemática, pensamos que o proxecto que imos deseñar ten que atender ós seguintes obxectivos principais<sup>24</sup>:

1. Incrementar o nivel socioeconómico dos habitantes das zonas rurais.
2. Conservar e potenciar a identidade sociocultural da Galicia interior, pola necesidade de aproveitar os recursos culturais e naturais fronte a ausencia dunha tradición de uso social do Patrimonio e a infrautilización dos recursos naturais e culturais, buscando o respeto pola súa autenticidade.
3. Recuperar os elementos do Patrimonio cultural, paisaxístico e monumental de maior interese da zona, e sobre os cales, por diferentes motivos, é prioritario actuar.
4. Adecuar a carga turística por todas estas terras que conforman a Carba, de forma que á vez que se logra potenciar os atractivos individuais e singulares de cada zona, dende o punto de vista da oferta conxunta se minimicen os efectos negativos ambientais e socioculturais.
5. Harmonizar os diferentes intereses políticos, culturais e xeográficos do territorio, permitindo un desenvolvemento sostido e dilatado no tempo.
6. Adecuar a oferta e a demanda turística na comarca da Terra Chá para lograr uns óptimos resultados socioeconómicos.

<sup>24</sup> Tómase como modelo o “Anteproxecto de rutas turísticas da Comarca da Terra Chá”. Fundación Comarcal Terra Chá, 2000.

7. Deseñar un paquete turístico cunha xestión e conservación futura sinxela, barata e autónoma.
8. Susceptibilidade de xerar emprego na zona e revitalizar o tecido empresarial local.
9. Posibilidade de xerar unha serie de rendas complementarias a través da potenciación dos recursos endóxenos e da produción artesanal típica da zona.

### 3. METODOLOXÍA<sup>25</sup>

O deseño do proxecto de dinamización da zona da Carba realizarase en diferentes fases de cara a súa posta en marcha:

- 1<sup>a)</sup> Análise global do territorio marco de actuación, incluíndo un estudio de evaluación de impacto ambiental.
- 2<sup>a)</sup> Realización dunha memoria económica en aras de comprobar a viabilidade do proxecto a desenvolver.
- 3<sup>a)</sup> Considerando a incidencia que este proxecto podería chegar a ter na economía rural da zona, intentamos buscar unha estratexia de deseño que abarcase o número máis amplo de núcleos de poboación rural.
- 4<sup>a)</sup> Acondicionar e rehabilitar aqueles elementos que formando parte da nosa cultura e tradición son susceptibles de mellora e conservación, dándolle a prioridade a aqueles elementos de maior utilidade no funcionamento do proxecto.
- 5<sup>a)</sup> Posta en funcionamiento de dous centros coordinados: o Centro de Interpretación do queixo de San Simón e outros productos da zona e a Escola Ecolólica na Insua ‘‘Educando no respeto ó patrimonio’’, así como da Aula do Patrimonio dependente deste último centro.
- 6<sup>a)</sup> Estudio patrimonial da zona cun deseño e acondicionamento de rutas que xeren unha ampla oferta de turismo verde e cultural.
- 7<sup>a)</sup> Plan de sinalización das Terras da Carba e Monseivane e das diferentes rutas trazadas polo territorio.
- 8<sup>a)</sup> Divulgación do paquete turístico.
- 9<sup>a)</sup> Mantemento e sostenibilidade de cara ó futuro.

### 4. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DAS TERRAS DA CARBA E MONSEIVANE: principais puntos de actuación

#### 4.1. CREACIÓN DE DOUS CENTROS COORDINADOS

##### 4.1.1. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO QUEIXO DE SAN SIMÓN E OUTROS PRODUCTOS DA ZONA

Casa-escola habaneira de San Simón e Samarugo: emprazamento, historia e descripción

Trátase dunha casa-escola ubicada no centro da parroquia de San Simón da Costa (Vilalba): O Valado, un dos centros históricos de interese da zona que estamos a estudiar.

---

<sup>25</sup> Ibidem.

A súa construción no 1921 foi promovida e costeada pola Sociedade “Unión de San Simón y Samarugo”, que era unha das moitas Sociedades comarcais e de protección ós lugares de orixe constituídas en América por emigrantes galegos, radicada na Habana e fundada no 1913 co fin de promover a riqueza cultural destas terras.

É un edificio de planta rectangular de dous andares con cuberta de lousa a catro augas, de muros de cachotería de granito cun gran número de vans na fachada principal e penais. O interior da pranta terrea faise acolledor coas estilizadas columnas de fundición tan comúns nos edificios coloniais, definíndose como un gran espacio aberto e sen tabicar; namentres a primeira pranta está dividida por mor de ser antano vivenda do mestre que impartía as clases nesta escola. O faiado atópase completamente baleiro.

Destaca tamén a fachada de estilo colonial cun plafón decorativo que sobresae na parte superior central, co burato para o reloxo e a inscrición en relevo sobre a pedra: “Colegio de la Sociedad Unión San Simón y Samarugo. Año de 1921”.

Actualmente a casa escola é propiedade do “Patronato de Cuesta” que constitúen os veciños de parroquia da Costa en data 16 de outubro de 1949, como organismo administrativo para que no seu nome e representación, administre a Casa escola e outras pertenencias inherentes á mesma, tal como consta no artigo 1º do Regulamento polo que se ha de rexer o Patronato de San Simón da Costa. No ano 1950 este Regulamento foi aprobado polo Gobernador Civil da provincia de Lugo, aplicando o Decreto de 1941 regulador do exercicio do dereito das asociacións. Este Regulamento está articulado en 24 artigos, 7 disposicións xerais e unha disposición transitoria final coas sinaturas dos doce membros que a compoñían por aquelas datas: un presidente, un secretario, un tesouereiro e os seus vices correspondentes, contemplados como cargos honoríficos<sup>26</sup>.

En data 27 de novembro de 1994 a xunta direitiva deste Patronato baixo a presidencia de D. José Yáñez Martínez, presenta ante o Concello de Vilalba unha instancia solicitando se acometan por parte da Escola taller obras de restauración na casa escola habaneira. Anos máis tarde (en 1998) esta petición resultou ser favorable e o Concello de Vilalba acometeu obras de restauración nesta escola e noutras do mesmo municipio construídas a expensas dos emigrantes da zona. As obras consistiron nunha limpeza profunda da fachada quitándolle as cales das paredes de cores branco e azul, que xa iban moi deterioradas, e deixando a pedra á vista, máis a reparación dos muros de pedra de granito que pechan polo frente o recinto da casa escola, e un acondicionamento e limpeza do entorno, que sumaron unha inversión total de sete millóns de pesetas. Actualmente o seu estado de conservación é bastante bo, salvando os pisos de madeira que necesitarían unha atención.

Hai que ter en conta que este edificio non ten ningun tipo de protección legal, pois non está inventariado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, cando hai bens próximos á escola -como a Igrexa Parroquial de San Simón da Costa, o cruceiro do adro e outras cruces de pedra do arredor- que sí o están.

Esta tipoloxía de edificios non son casos aillados, senón que son unha constante en toda a comarca da Terra Chá. Por isto e pola súa orixinalidade arquitectónica con esos aires indianos, todos estes edificios son merecedores de seren contemplados como bens inventariados, xa non digamos como BIC.

<sup>26</sup> Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Sección Goberno Civil.

### Algo máis que unha casa escola

Dado que a función orixinal para a que foi construído o edificio foi o de escola, non queremos que se perda esa funcionalidade didáctica orixinal e ese espíritu co que os emigrantes da zona querían traer a cultura, dinamizar e abrir os ollos ós cativos e cativas da zona, para non volver a vivir os tempos que a eles lles tocaron; anque tampouco se trata de anquilosarse nun pasado que xa foi: os tempos evolucionan e nós con eles.

Temos que pensar que actualmente estas escolas habaneiras de principios do século XX e a escolas da época franquista dos anos sesenta, ou ben están en estado ruinoso ou ben en completo desuso, tónica xeral a nivel comarcal.

A casa-escola do Valado ten actualmente dous usos:

- uso veciñal para reunións de diferentes asociacións veciñais
- uso como Colexio Eleitoral en períodos de Eleccións

As características artísticas do edificio merecen algo máis que o uso que está recibindo na actualidade, e máxime cando estamos nunha zona tan rica en patrimonio natural e cultural apenas explotado nin posto en valor.

A nosa pretensión con esta casa-escola é convertila nun centro de interpretación do queixo de San Simón da Costa e outros productos da zona, a sabendas de que este producto conta coa Denominación de Orixe desde o ano 1999 gracias á xestión do Órgano Rector do Queixo de San Simón da Costa. En moitas outras zonas do Estado español, como en Asturias ou Cantabria, xa hai centros de interpretación e museos de queixo funcionando dende hai uns anos. Aquí en Galicia estaba en proxecto o museo de queixo de Arzúa-Ulloa, e non menos vai ser este noso queixo tan loubado de San Simón da Costa, verdadeiras pingas de ouro da nosa querida Chaira.

¿Por qué un Centro de Interpretación? ¿Qué é a interpretación? A teoría da interpretación é unha das últimas tendencias más emerxentes na posta en valor do noso patrimonio, que naceu orientada ós espacios naturais. Os teóricos nesta materia entenden por interpretar como a arte de revelar o significado dun legado natural, cultural e histórico ó público que visite un centro de interpretación. A interpretación é unha estratexia de comunicación destinada ó público visitante que revela o significado da temática a tratar, co fin de que o aprecien e adopten unha actitude favorable á súa conservación. Esencialmente pódese definir como actividade educativa ou recreativa que pretende revelar significados e interrelacións a través do uso de obxectos orixinais, por un contacto directo co recurso ou por medios ilustrativos, non limitándose a dar unha mera información dos feitos.

As premisas básicas sobre as que se sustenta a interpretación, segundo os seus principais teóricos, son:

1. A interpretación debe explicar cuestións relacionadas coa personalidade e experiencia do visitante.
2. A interpretación non é información, senón unha revelación basada na información.
3. A interpretación busca máis que a formación, a provocación.
4. A interpretación dirixida ós nenos/as non debe ser unha simplificación da presentada ós adultos.
5. A interpretación nunca debe inventar a realidade, ten que estar baseada na investigación científica da realidade.

O Centro de Interpretación que plantexamos non pode quedar como unha entidade aillada, polo que se fai importante que a poboación saiba o que hai no Centro, se identifique con él e ademáis participe.

A escola como Centro de Interpretación do Queixo de San Simón e outro productos da zona

*“(...) Triunfa la basura disfrazada de comida: esta industria está colonizando los paladares del mundo y está haciendo trizas las tradiciones de la cocina local. Las costumbres del buen comer, que vienen de lejos, tienen, en algunos países, miles de años de refinamiento y diversidad, y son un patrimonio colectivo que de alguna manera está en los fogones de todos y no en la misa de los ricos. Esas tradiciones, esas señas de identidad cultural, esas fiestas de la vida, están siendo apabulladas, de manera fulminante, por la imposición del sabor químico y único: la globalización de la hamburguesa, la dictadura de la “fast food”, la plastificación de la comida en escala mundial, obra de McDonald’s, Burger King y otras fábricas, viola exitosamente el derecho a la autodeterminación de la cocina: sagrado derecho, porque en la boca tiene el alma una de sus puertas (...)”<sup>27</sup>.*

De cara a conversión deste inmóvel en Centro de Interpretación, a primeira actuación a desenvolver sería a **negociación cos veciños/as** que componen o “Patronato de Cuesta” de cara a cesión do inmóvel para exercer a función de Centro de Interpretación. O seguinte paso sería o seu **acondicionamento** interior dado o estado de deixadez que presenta. Sería necesario pisar de novo ámbolos dous andares da mesma madeira que ten hoxe en día, de cara a un respeito polos materiais tradicionais empregados na súa orixe. No segundo andar teríanse que tirar os tabiques de separación de espacios existentes para darlle unha nova concepción do espacio. Tamén se faría preciso acondicionar o espacio circundante da escola de cara a unha mellor presencia e coidado deste conxunto histórico que conforman a escola habaneira, a Igrexa Parroquial de San Simón da Costa, as cruces e cruceiros de pedra e as casas de todo o barrio do Valado. No recinto interior murado da escola sería preciso amañar a “fonte dos pollos” e o antigo palco da festa.

A distribución das diferentes salas de que se compoñería o futuro Centro de Interpretación podería quedar de forma aproximativa como explicamos a continuación, pois no caso de levarse a cabo este proxecto habería que ter en conta as opinións do arquitecto.

A **distribución** aproximativa quedaría como segue:

- a planta baixa quedaría como un espacio enteiro e aberto a todo o visitante, que además de facer a función de sala de exposicións permanentes e itinerantes, sería o lugar de acollida principal para o visitante, polo que se faría necesario un mostrador-recepción en forma de media lúa a carón da porta de entrada principal acorde coa estética da sala e que non interrumpira a distribución do espacio. Nel o usuario tería á súa disposición tanto catálogos, folletos e guías que se publicaran, como vídeos e fotos dos diferentes produtos. No centro neurálico do espacio desta primeira sala, ubicaríase unha gran maqueta interactiva das Terras da Carba e Monseivane que mostraran de forma detallada tódolos recunchos destas Serras, dende o seu patrimonio natural, cultural, etnográfico... ata a zona de produción do queixo. Non estaría de máis ubicar neste espacio principal un Punto de Información Turística da Fundación Terra Chá (ordenador interactivo) que permita coñecer os lugares máis emblemáticos da comarca enteira a aquel visitante interesado en coñecela, como xa hai en moitos puntos de interese da comarca. Pensemos no museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei).

<sup>27</sup> Galeano, Eduardo: *Patas arriba. La escuela del mundo al revés*. Madrid: Siglo XXI, 2002. Páxs. 261-262.

Na exposición permanente teríamos en conta tódolos aparellos utilizados na elaboración tradicional do queixo de San Simón da Costa: as formas cónicas de diferentes tamaños para facer os queixos de bico, as formas cilíndricas para facer os queixos patelos, as fontes de escaldado e os armarios de secado. Mostraríase unha evolución fotográfica da historia do queixo: da súa elaboración artesanal á industrial actual, e tamén recorridos fotográficos pola elaboración doutros productos como pode ser a mel, o roscón, o pan ou o requeixo. A medida que o visitante fose vendo a exposición tería a oportunidade de degustar tanto o queixo como os outros produtos típicos da zona: derivados do queixo, mel, pan, roscón de améndoа, etc...

Para tódalas exposicións (permanente e itinerantes) utilizaríanse tanto os propios muros do edificio como paneis móveis. Na planta baixa tamén habería un acceso público e permanente a internet, podendo acceder a páxinas web como a do Órgano Rector do Queixo de San Simón da Costa e outras experiencias relacionadas co queixo tanto a nivel do Estado español como internacionais, de forma que o personal deste Centro tivese contactos e plantexase colaboracións con outras entidades similares e que a poboación local tivese a oportunidade de acceder a internet gratuitamente.

b) A primeira planta dividiríamola en dúas salas:

b.1.) Unha delas iría destinada a sala de actos, montaxes audiovisuais, proxeccións de diapositivas e outras actividades relacionadas coa promoción e coñecemento desta zona da Carba e dos seus produtos gastronómicos.

En canto ás montaxes audiovisuais teríamos permanentemente á disposición do público vídeos que permitan coñecer ó visitante a riqueza natural e cultural das Terras da Carba e Monseivane, e vídeos coa historia e elaboración de cada producto. Actualmente xa existe un vídeo moi documentado e cunha excelente presentación didáctica e sinxela que reflexa tódolos aspectos do queixo dende a súa elaboración tradicional en tódalas casas da zona ata hoxe en día nas pequenas industrias queixerias, do que son autores os profesores Alfonso Piñeiro Funcasta, Jesús Fernández Acevedo e Alvaro Doural Leiras.

Este espacio non se contemplaría como un salón de actos con butacas fixas, senón con sillas móveis de cara o aproveitamento da sala para a realización de talleres e actividades didácticas, así como escenificacións e representacións teatrais.

O local ambientaríase cunha recopilación de material literario que recree calquera aspecto destes productos. Pensemos, por exemplo, no poema de Manuel María en loubanza ó queixo de San Simón da Costa:

“(...) Os queixos de San Simón  
co ar da serra curados:  
¡ viron correr os regatos  
e más o verde dos prados!

Os queixos de San Simón  
sentiron tremar orballos  
e escoitaron os murmurios  
dos ventos polos carballos. (...)”.

b.2.) A outra sala iría destinada a interpretar estes productos da zona mediante experiencias interactivas, facendo fincapé nas experiencias sensoriais (olfativas, táctiles, visuais e gustativas) que presentan os diferentes productos a expoñer e nas súas diferentes fases. O visitante meteríase así de cheo, dada a maneira atractiva de tratar o

tema, no coñecemento profundo dun mundo de percepcións que hoxe en día dado o cambio social dos últimos tempos tense un pouco esquecido, algo que a xente do campo xa vive de por sí. Asemade contemplaríase unha maqueta animada que expliquease de forma didáctica a elaboración dalgúns destes productos.

- c) No faiado instalaríamos dúas oficinas paralelas: unha, para o persoal do Centro e outra que iría destinada ó Órgano Rector do Queixo de San Simón da Costa, ámbaras dúas co equipamento básico (equipo informático, teléfono, fax...); un almacén e unha pequena biblioteca de temas relacionados coas funcións do Centro.
- d) Finalmente, non podemos esquecemos dos *toilettes* (tamén para inválidos) que se atopan debaixo das escaleiras de acceso ó segundo piso que se atopan na parte traseira do inmoble, e tampouco do servicio de ascensor na fachada posterior a convir co arquitecto/a, e rampas para minusválidos que ubicaríamos nos lugares que fose preciso.

En canto ó **persoal**, dicir que habería dúas persoas que se encargarían de levar o Centro de Interpretación: un director/a e un animador/a, ou no seu caso se podería contemplar a posibilidade de máis xente empregada en función da dotación económica da que gozemos. O Órgano Rector se encargaría -se procede- de destinar o persoal que crea convinte para as funcións pertinentes.

No tocante ós **horarios**, este Centro tería o horario establecido en toda Europa para os museos, abrindo tódolos días excepto luns para descanso, cun horario lectivo de oito horas establecendo un descanso para comer.

Entre os **servicios** que se lle ofrecen ó visitante contemplaríamos unha entrada gratuíta ó Centro, tendo a posibilidade de mercar produtos típicos da zona, literatura relacionada, guías e folletos de divulgación dos productos e da zona, fotos e postais que se editen, CD e vídeos..., o acceso a internet gratuíto, un Punto de Información Turística da Fundación Terra Chá, consulta e préstamo de libros e revistas relacionados, etc...

En canto á **programación de actividades**, unha enumeración daquelas actividades más básicas estando sempre abertos a tódalas posibilidades que se nos presenten, poderían ser:

- \* Roteiros polas Terras da Carba e Monseivane, que aparecen descritos no apartado 5.3. de vendeiras páxinas: sendeirismo, bicicleta, cabalo, parapente, rafting, escalada...
- \* Talleres e actividades didácticas en colaboración coa Escola Ecolóxica da Insua, facendo fincapé no tema culinario por tratarse deste Centro. Incluíndo saídas e visitas para presenciar in situ a elaboración tradicional destes productos, así como contemplando a visita das diferentes queixerías ó longo de todo o ano.
- \* Escenificacións e representacións teatrais e fílmicas. Terían cabida filmes e vídeos experimentais con aportacións de investigadores nóveis neste campo. Neste apartado estableceríamos ciclos de teatro e outras representacións animadas alternandoas con ciclos de cine ó longo de todo o ano. Teríase en conta a colaboración co Centro Dramático Vilalbés ou con outras entidades similares.
- \* Ciclos de conferencias, mesas redondas, cursos de formación, catas...
- \* Publicación de diversos trípticos, folletos interpretativos, etc..., coa edición dunha revista anual dando cabida a todo tipo de investigacións no campo que estamos a tratar (dende a elaboración dos productos ata a súa confección como plato de degustación) e coa edición de libros relacionados co patrimonio natural, cultural, gastronómico, etc... da zona e da comarca.

- \* Festas e eventos: organización de concertos de música en língua galega dando prioridade a grupos nóveis da zona, estando en contacto coa Asociación de Músicos en Lingua Galega (AMELGA) que nos podería proporcionar axuda neste campo, que é a única asociación que traballa a este nivel hoxe por hoxe en Galicia. Organización de festas e feiras medievais en diferentes épocas do ano.
- \* Celebración da Feira do Queixo de San Simón da Costa e outros productos da zona no Valado, que se ven realizando dende 1995 centralizada en Vilalba, propoñendo a celebración dun Festival Folk con sesión vermú no lugar a modo do xa existente en Arzúa, por exemplo. Con isto recuperaríase a antiga feira mensual que se celebraba no Valado fai máis de corenta anos.
- \* E outras moitas posibles que se nos poideran ocorrer ou poidesen aportar a medida que o Centro o requerise, sempre tendo en conta a súa evolución no tempo e como non ós veciños/as da zona e arredores, ós que tentamos implicar neste proxecto, co seu apoio, participación e colaboración, porque sen eles nada disto tería sentido.

#### 4.1.2. ESCOLA ECOLÓXICA NA INSUA: “EDUCANDO NO RESPETO Ó PATRIMONIO”

##### Lugar da Insua: emprazamento, descripción e historia

A Insua está emprazada no barrio da Balsa Pequena da parroquia vilalbesa de Vilapedre, nun lugar dun extraordinario encanto natural onde o río Eume debuxa ó seu paso unha fermosa insua onde se enclava esta romántica paraxe, rodeada de frondosa vexetación autóctona.

Para acceder é necesario coller a estrada que nos leva dende Vilalba ó Viveiró, e unha vez no cemiterio da parroquia da Balsa (Muras), coller cara Irixoa. Deixaremos o coche unha vez chegados ó camiño que vai para A Insua. Temos que atravesar o río Eume por unha fermosa ponte de madeira -verdadeira obra de enxeñería dos nosos anteriores- e xa nos atopamos de frente coas casas. Alí poderemos ver tres casas cos seus correspondentes fornos e palleiras, dous alpendres, xunto cun lavadeiro de agua corrente e os restos dos chantos de sostén do que cremos foi un graneiro. As casas están construídas con cachotería de granito e xisto coas cubertas de lousa do país e as ventás en madeira. Unha delas presenta un hermoso corredor completamente construído con madeira co pasamáns de ferro forxado que presenta elementos decorativos. Outra das casas presenta unha fermosa e grande fumeira característica da zona, coas típicas laxas na parte superior e dous pináculos de remate. Dous alpendres están emparedados cun entablado de madeira e coa cuberta de lousa a duas augas.

O lugar faise excepcional polo seu emprazamento característico e polas panorámicas darredor: a vexetación de ribeira que vai demarcando o río Eume que transcorre paseniño e as vistas ó lonxe dos montes da Carba, do Guriscado e do Xistral.

As casas gardan dunha historia de máis de dous séculos, polas que pasaron moitas xentes, convivencias, traballos, anécdotas e mil e unha cousas que poderían contar as pedras se falaran. Chegaron a nós verbas de veciños/as da zona que nos falaron da per vivencia do último morador deste lugar: trátase do Antón da Insua, hoxe na Coruña. Un paisano tranquilo que gostaba de pasear polos recunchos destas terras e de falar coas súas xentes, sempre cun paraugas colgado ó lombo na chaqueta, segundo nos contaron. Os cativos/as tíñanlle medo polo seu aspecto ermitaño e porque os pais dicíanllles que se facían algunha trasnada: “Pobre de ti que faigas algo que non debes, ¡que ven o Antón da Insua e te leva!”. Unha semellanza ó home do saco, ó papauntos, ós futingos da sangre... tan definidores do espíritu do noso pobo e das nosas tradicións.

Escola Ecolóxica “Educando no respeto ó patrimonio”Obxectivos

*“Na Galiza a situación dos territorios montañosos é especialmente crítica, posto que as ameazas más antigas, como a diminución alarmante de poboación e de actividade socio-económica, súmanse-lle outras más recentes, como a perda de cultivos tradicionais, os incendios, a instalación de parques eólicos e centrais hidroeléctricas en zonas de alto valor natural, o turismo abusivo ou degradante ou a apertura indiscriminada e irracional de pistas e outras vías de comunicación”.*

A nosa proposta para esta aldea consiste nun proxecto de creación dunha Escola Ecolóxica para as Terras da Carba e Monseivane, co obxectivo de crear un espacio onde fose posible desenvolver actividades tanto de investigación como de aprendizaxe, sensibilización e exploración do medio, actuando con grupos escolares e implicando á xente da zona, de ahí a orixe do seu nome. Para desenvolver este proxecto, tomamos como modelo outras Escolas ecológicas que se están realizando noutros puntos xeográficos de interese a nivel europeo, pois estamos nunha zona onde o patrimonio natural é un dous más significativos e definitorios destas terras e os seus circundos, como xa explicamos no capítulo primeiro.

Os visitantes poderán ter a oportunidade de coñecer mellor a vida dos pobos rurais da montaña, visitando esta aldea e contactando coas súas xentes, e facendo pequenas tarefas de coñecemento do medio na área de conservación da natureza e de respeito polo noso medio, fazer roteiros e gostar de longas camiñatas e percorridos por fermosas paraxes, gostar de falar cos nosos vellos dos que tanto aprendemos..., porque cremos na importancia da educación como base para unha concienciación de respeito polo patrimonio entendido nun amplo senso, que se fai fundamental para unha boa e eficaz política de conservación do patrimonio, algo no que aínda falta moito por facer.

O lugar da Insua como Escola Ecolóxica

Para convertir esta aldea en Escola ecológica deberíamos seguir varios pasos, imprescindibles para poñer en funcionamento o que nos ocupa:

1. Negociación para **adquisición dos terreos e inmóbiles**.
2. Elaboración dun **proxecto de rehabilitación** que se lle encargará a un arquitecto/a. A ter en conta: o respeito polos materiais tradicionais (a madeira e a pedra) e a adecuación ó cambio de uso dos inmóbiles sen romper coa estética e distribución tradicional dominante.
3. Levarase a cabo a **distribución** por usos, que establecemos da seguinte maneira, tendo en conta que á hora de levalo á práctica o deseño inicial que plantexamos pode variar en función das necesidades que se xeneren na posta en funcionamento da Escola. Unha das casas seguiría a cumplir o mesmo uso como vivenda, polo que sería necesario acometer unha simple restauración que respetase a súa estética de típica casa chairega de montaña sen alterar a súa distribución orixinal que se acordará co futuro inquilino/a da casa dependendo do uso que queira fazer de cada estancia<sup>28</sup>, e cambiando -por exemplo- as actuais ventás de aluminio por unhas de madeira e quitan-

<sup>28</sup> As cortes poderían seguir cumplindo as súas funcións tradicionais se o inquilino así o desexa, cunha vaca, ovellas e o que quixerse, alternando o traballo de labrego co de investigador, se fose o caso. Esta sería unha opción persoal.

do as tres antenas de televisión que tanto afean a imaxe da casa. A súa función sería a de ser residencia habitual das persoas que estiveran a cargo da Escola Ecolóxica, vivindo no lugar e coidando del e coordinando as actividades da Escola. Contemplamos a cociña desta casa como lugar de xuntanzas ás noites a carón da lareira ou arredor da cociña onde calquera veciño/a ou visitante será ben acollido, para contar contos, tomar un café, xogar á baraxa, etc... nun ambiente acolledor, familiar, integrador...

A casa que presenta o corredor serviría de centro de investigación e consulta pública para todo visitante interesado en consultar temas relacionados co patrimonio da zona e da comarca. Tería varias seccións: un arquivo documental e sonoro, visual e audiovisual, unha hemeroteca e unha biblioteca.

A terceira casa rehabilitaríase como escola taller de oficios e técnicas tradicionais, contemplando como anexos para talleres de carpintería, cantería, forxa, etc... os dous alpendres que están completamente construídos con madeira.

Finalmente, a palleira desta casa sería rehabilitada como sala para todo tipo de actos. No referente ós horarios sería previa cita, a convir cos habitantes do lugar.

4. Para a posta en funcionamento, en canto ó **persoal** necesario, contemplaríanse nun principio tres persoas con disponibilidade permanente: un investigador, un pedagogo e o encargado da escola taller, estando en contacto con artesáns para cada campo que se queira traballar, impartindo cursos, charlas, etc... Sería imprescindible estar en contacto con Artechá -asociación que integra a artesáns da Chaira-, Aga -Asociación Galega de Artesáns- e o Centro de Artesanía e Deseño de Galicia, entre outras posibles. O contacto con escolas, Institutos e Universidades faise imprescindible para o funcionamiento normal desta Escola ecolóxica.

En canto a sostenibilidade deste proxecto habería que plantexarse a autofinanciación, establecendo unhas tarifas que dependerían da subvención recibida por outras canles.

5. Sobre a **programación de actividades** previstas, un guión aproximativo sería o que segue:

- \* Roteiros pola zona da Carba, Monseivane, Xistral, Cadramón e arredores, de cara a unha observación de fauna e flora do medio e do patrimonio en xeral.
- \* Visita a aldeas habitadas da zona, onde exploraremos varios aspectos da vida rural: agricultura, gandeiría, arquitectura, artesanía, costumes, etc...
- \* Visita ó Centro de Interpretación do Queixo de San Simón e outros productos da zona.
- \* Visita á aldea do Cernado, tomndo contacto co interior das casas rehabilitadas e modo de vida da población deste lugar.
- \* Visitas a talleres de artesáns da zona, como complemento da impartición das clases teóricas e prácticas nos diferentes seminarios de oficios tradicionais: cantería, carpintería, ferrería, zoqueiro/a, cesteiro/a, tecelá... e outros.
- \* Investigación etnográfica e de catalogación do patrimonio da zona e arredores por parte do personal investigador e educador, implicando tanto á xente da zona como ós más cativos; os coñecementos adquiridos serán revertidos na poboación coa finalidade da pervivencia dos valores tradicionais de respeito polo patrimonio: natural, etnográfico... Todo o material tanto escrito, como fotográfico ou audiovisual irá conformando pouco a pouco toda unha serie de publicacións que irán enchendo a biblioteca, a hemeroteca e mailo arquivo.

- \* Aulas de recollidas etnográficas de traballo de campo con saídas pola zona e xuntanzas na lareira da vivenda do persoal encargado da Escola. Pensemos que “(...) *a carón do lume, nas longas noites de inverno, é onde se foi transmitindo oralmente, de xeración en xeración, esta literatura, obra do xendido creador do noso pobo. (...) un labro moi importante porque estamos nun momento no que a transmisión oral desta literatura popular está rota. Hoxe non se lle contan contos ós nenos nin se cantan cantigas nin se propoñen adivinas... Polo tanto é unha creación do pobo que está a piques de se perder para sempre e que cómpre conservar*”<sup>29</sup>.
- \* Saídas nocturnas de astronomía ó monte, onde poderemos manter un mao a mao coa noite, aprendendo a explorala, perdendo medos que nos veñen de lonxe e compartir en equipo vivencias enriquecedoras e emocións intensas. Noites de astronomia “*metáfora do patrimonio, esa fráxil construción de anónimas estrelas ensarrilladas nas frechas do ire e vire, rexurden como unha paisaxe inédita e evocadora a un tempo. Unha paisaxe íntima de mundo que sae de sí onde a natureza segue a restaurar o destruído e o inerte. Onde as estrelas actuán como un feitizo que nos desbruza na romaría da vida, ao río de todas as almas. É unha sensación de liberdade que non só é irmá da ledicia senón tamén da melancolía*”<sup>30</sup>.
- \* Realización de xogos de temática ambiental e tradicionais, incluindo unha exploración da natureza a través dos sentidos e permitindo a conservación e pervivencia de moitos xogos populares.
- \* Talleres ambientais, onde se tentará sensibilizar á poboación sobre a importancia dun consumo consciente e de respeito polo medio: papel reciclado, construcción de niños para os páxaros, enerxías alternativas, entre outros.
- \* Actuacións teatrais relacionadas co medio e de respeito polo patrimonio e as nosas tradicións.
- \* Oferta de actividades relacionadas co traballo no campo: agricultura ecolólica, volta ós cultivos tradicionais, recollida de cogumelos, recollida de castañas, recoillida de patacas, recollida de caracois, apicultura, repoboacións do monte con vexetación autóctona, etc... Contemplaríase unha fornada tradicional na casa-vivenda cada 15 días e unha moenda no muíño máis próximo despós de ser rehabilitado.
- \* Realizar periódicamente campañas de limpeza polos ríos.
- \* Charlas sobre patrimonio, lexislación medioambiental e de protección do patrimonio, consumo consciente, reciclaxe, contaminación de orixe agraria (pesticidas, fertilizantes, xurros...), emisións poluíntes, etc...

### A Escola de Irixoa como Aula do Patrimonio

A escola de Irixoa foi fundada pola sociedade galega de institución e beneficencia “Vivero y su Comarca”, sociedade que se funda en Cuba no 1910.

Colocouse a súa primeira pedra o día 12 de xullo de 1914 e costou un total de 22.776 pesetas<sup>31</sup>.

<sup>29</sup> VILLARES MOUTEIRA, F. *A Carón do lume*. Lugo: Citania, 1999. Páxs.. 7-8.

<sup>30</sup> Texto de Anxo Pintos. “*Hepta*” de Berrogüeto.

<sup>31</sup> OTERO CAO, V. *Apuntes históricos de la comarca de Muras*. Lugo: Ediciones Celta, 1953.

É unha casa de dous andares con muros en cachoteria de granito caleados en cor branca. Atópase pisada en madeira e o tellado preséntasenos en lousa do país a duas augas.

Está ubicada nunha fermosísima paraxe ó pé dun camiño, rodeada dunha pequena camposa e abundante vexetación autóctona.

En canto á súa protección legal, non se contempla como edificio inventariado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

O seu uso actual é o de centro social, pero cunhas funcións bastante reducidas, pois no lugar so se reúnen os veciños, para cousas puntuais, e os cazadores. Dado que o inmoble se atopa nun estado de conservación bastante bon, anque cun evidente descuido por parte das autoridades competentes, e trátase dun centro neurálico a propósito das terras que estamos a tratar, estudiamos propoñelo para “Aula do Patrimonio”. Para tal conversión, non sería necesaria moita obra senón mais ben, unha posta en valor e acondicionamento do lugar acorde cos novos usos. Trataríase dun centro dependente da escola ecolólica, sendo A Insua a que correría coa sua dirección, establecendo aquí todos aqueles actos, tarefas, actividades, charlas.... relacionadas co patrimonio material (arquitectónico, escultórico, pictórico....). Tentamos que esta escola sega a desenrolar aquel uso orixinal para o que foi creada, a función didáctica de escola, non no senso tradicional que tivo noutros tempos senón coas pertinentes innovacións pedagóxicas, utilizando todo aquel material resultante das investigacións e catalogacións do patrimonio cultural na zona e comarca, con exposicións, proxeccións de diapositivas e outros actos.

#### **4.2. REHABILITACIÓN DO BARRIO DO CERNADO**

O Cernado é un barrio de casas pertencente á parroquia de Vilapedre do Concello de Vilalba, emprazado en plena Serra da Carba moi preto do Castelo de Goía. Componse de cinco casas, catro palleiras e un pequeno alpendre. O material de construcción empregado é básicamente o granito, seixo e xisto con grandes pezas de granito enmarcando os vanos e debuxando as esbeltas columnas das palleiras. Polo medio da aldea discorría antano un pequeno regato que ía parar ó rego de Cernado, onde se emplaza un muíño do que se servían os veciños/as. O monte da Carba e o alto da Neveira pódense albiscar dende as casas. É curioso o topónimo de neveira, dado que pola zona sábese da existencia antano de neveiras, fosos que se facían nos montes para aproveitar as grandes nevaradas, onde pisaban a neve e conservaban o xeo de cara a transportalo para Ferrol e outros puntos de Galicia.

Tentamos convertir este barrio nunha área de servicios varios para que o visitante poida disfrutar cómodamente ou mesmo establecerse no lugar polo tempo que estime opportuno, pois estamos a tratar unha zona onde non existen pousadas ou zonas onde o visitante poida aloxarse. Dariámoslle vitalidade a unha zona completamente despoboada que hoxe non dí o que chegou a ser no pasado. Non pretendemos facer desto un simple aloxamento para o turismo, senón unha aldea ó estilo tradicional onde ademáis de aloxarse poidesen compartir coas xentes do lugar vivencias en común e o tipo de vida rural que caracteriza a zona.

O conxunto da aldea do Cernado entenderíase como complemento ós dous centros descritos en páxinas anteriores: o Centro de Interpretación do Queixo de San Simón e outros productos da zona e a Escola ecolólica da Insua coa súa Aula da Patrimonio en Irixoa, pois nel habería toda unha serie de servicios que o visitante podería disfrutar. Ímolos explicar un a un a continuación.

Dado o estado de inminente abandono do poboado xunto co seu carácter unitario (a pesar de haber bastantes casas forman un todo unitario) que creemos necesario conservar, e polo gran interese que representa o espíritu do lugar de cara a súa rehabilitación, propoñemos a creación dunha comisión de restauración, que sexa interdisciplinar e que acometa a distribución dos diferentes servicios da maneira máis respetuosa posible. Cremos que esta comisión é a más indicada para decidir a organización do pobo acorde coas nosas proposicións funcionais, que serían as que seguen:

### **1. Albergue de xuventude**

Rehabilitaríase unha casa para albergue de xuventude ó estilo dos moitos albergues existentes en zonas de alta montaña, sempre respetando a estética e materiais tradicionais da zona. Está pensado para albergar aqueles visitantes que lles apetezca quedarse na zona de maneira barata e para disfrutar mellor de todo o que se ofrece: dende os roteiros ás actividades propostas polo Centro de Interpretación e a Escola Ecolóxica.

### **2. Casa do cabaleiro/a**

Nesta casa viviría unha persoa dedicada a coidar o gando cabalar necesario para as necesidades propostas nos diferentes centros, resaltando os roteiros, coa posibilidade de que o visitante poidese libremente alugar un cabalo para andar ó seu aire pola serra sen necesidade de facer os roteiros propostos.

Este cabaleiro viviría no pobo coa posibilidade de albergar na casa ós achegados que él considerase (familia, parella, amigos...). Para esto tería que adicarse unha das casas más espaciosas dado que necesitaría vivenda, cuadras, palleira, alpendres e algúns terreos para o gando e necesidades persoais, dado que tamén vai a vivir do agro, etc...

Tería que ser unha persoa disposta a adecuarse sen problemas a un tipo de vida rural con disponibilidade permanente.

### **3. Taberna-salón**

Sería unha proposta ó estilo das tabernas do rural, onde o visitante podería tomar un viño sempre que quixese. Contemplaría tamén a función da casa de comidas, que estaría coordinada co Centro de Interpretación, ofrecendo a posibilidade de degustacións de produtos tradicionais e recetas da cociña local. Implicaría ampliar a oferta de servicios deste tipo na zona, contemplando a posibilidade de realizar Xornadas gastronómicas.

A casa ademáis tería un amplo salón onde se farían bailes ó estilo dos salóns de baile da zona, coa peculiaridade da música en directo, a ser posible de músicos da zona e comarca coa posibilidade de chamar a orquestas ou grupos de música tradicional, coa posibilidade de facer festas e banquetes. Estes salóns típicos dos anos 60-70 hoxe están en desuso, perdéndose pouco a pouco estas festivas costumes, debido ó auxe de discotecas, pubs e novos lugares urbanos de ocio, que se presentan como abandeirados da música comercial.

### **4. “Casas baratas” no rural**

Trataríase dunha das casas más grandes xunto coa do cabaleiro, pois sería unha casa habitada por xente adicada ó mundo do rural con todo o que elo significa, polo que necesitaría palleira, alpendres e algúns terreos que conforman o lugar, etc... Isto implicaría que o pobo non estivese todo adicado ó sector terciario, senón que se lle daría importancia tamén ó sector primario tan importante na zona. Propoñemos que esta casa seña ofertada con créditos a baixo interés e a baixo prezo para familias necesitadas que teñan interese na vida rural, preferentemente familias numerosas.

O réxime de adquisición do inmoble da casa do cabaleiro/a tamén podería ser plantexado como casa barata.

Como este barrio non ten moitas más casas e a nós gostaríamos ofertar más casas deste tipo, propoñemos tamén outros dos moitos barrios deshabitados da zona para unha volta á vida do rural e para evitar o despoboamento masivo e degradación do patrimonio da zona. Algunhas das aldeas abandonadas da zona: Pardasalbas, O Couso, Buriz, Freire, Vilarcobo, Arealba... por non seguir enumerando.

Tentaríamos con isto emprender unha dinámica de revitalización do rural coa posibilidade de expandir o modelo por outras zonas de Galicia acuciadas polo mesmo problema: despoboamento, abandono, envellecemento da poboación, etc...

### **5. Casa en préstamo**

Sería unha casa que se alugaría por períodos máximos dun mes na que ó inquilino/a se lles prestarían unhas chaves e él faríase cargo do inmoble durante ese período de tempo ou menos, coa responsabilidade de coidar e deixar a casa no estado en que a colleu, dándolle a oportunidade de facerse residente na zona e relacionarse coas xentes do lugar durante este corto período de tempo.

Se tomarían como modelo casos levados á práctica no Pirineo.

### **6. Muíño**

O muíño existente no rego do Cernado proponse rehabilitalo de cara a posibles moendas e fornadas de cada 15 días levadas a cabo polos veciños do Cernado. A Escola Ecolóxica podería estar en contacto coa xente do Cernado para posibles visitas tanto ó muíño e o pobo en sí como mostra de arquitectura popular, como ás moendas e fornadas que se fixesen.

### **7. Caseto recepción**

Para isto destinariamos un pequeno caseto existente no barrio que serviría de punto de recepción e de punto de información turística da zona, con todas as publicacións que se foran xerando no Centro de Interpretación, na Escola Ecolóxica e por outros medios. Sería o punto onde se proporcionarían as chaves correspondentes á casa en préstamo.

Funcionaría como un punto de unión entre a Escola Ecolóxica da Insua, o Centro de Interpretación do Valado, a Aula do Patrimonio de Irixoa e o propio Cernado, así como outras propostas que fosen xurdindo.

## **4.3. RUTAS POLA ZONA**

De cara a un maior coñecemento da zona e a unha mellor divulgación do territorio que engloban as terras da Carba e Monseivane, faise preciso o deseño de toda unha serie de rutas turísticas que a continuación pasaremos a describir, entre outras moitas posibilidades de roteiros a que se presta a zona polos moitos recunchos naturais e de historia que gardan as parroquias que a componen. Neste apartado limitarémonos a sinalar aquelas más sobranceiras e de maior valor patrimonial e paisaxístico.

De entre os múltiples roteiros posibles polos velllos camiños e polas diversas ferenzas que van debuxando os ríos por esta zona da Carba, trazamos un total de 16 rutas.

Á hora de realizar o seu deseño tívose en conta, entre outros factores, que o viaxeiro-a poidera optar por unha oferta de turismo verde, sendeirístico ou ben centrado na riqueza histórico-artística, megalítica ou monumental que as Terras da Carba e Monseivane pueden ofrecer.

De tódolos xeitos, a tónica común e o punto forte destas rutas é o contacto coa Natureza, co medio rural, e por suposto, o coñecemento das nosas xentes e das nosas costumes.

En cada unha das rutas deseñadas inclúense múltiples posibilidades de realización en función dos grupos, obxectivos, e do tempo que se poida adicar ó seu percorrido. Desta forma, pódese facer unha ruta completa da zona que engloba catro subrutas que abordan as Terras da Carba e Monseivane en toda a súa longura, ou ben centrarse en percorridos parciais.

As catro subrutas que acapararían toda a zona trázanse seguindo as estradas locais principais que percorren o territorio en diferentes direccións, e levan: a primeira ata Montouto (Abadín), a segunda ata A Balsa, Irixoa e O Burgo (Muras), a terceira ata Vilapedre (Vilalba) e Lousada (Xermade), e a cuarta ata San Simón da Costa e Samarugo (Vilalba). Pasemos a describilas.

### AS CATRO RUTAS BÁSICAS PARA COÑECER A ZONA

*RUTA DA COSTA: “campo de cristas ás beiras dos camiños”*

*RUTA DE MONTOUTO: “a paisaxe de montaña neboenta na chaira”*

*RUTA DA BALSA: “conxunción de historia e paisaxe”*

*RUTA DE GOÍA: “na percura das panorámicas da chaira”*

Podemos escoller calquera destas catros rutas principais, pero o ideal é facer as catro para un coñecemento global deste territorio: a paisaxe de montaña, as panorámicas da chaira dende as outuras, a arte e historia da zona, e a tradición e costumes das súas xentes.

#### 1. RUTA DA COSTA: “campo de cristas ás beiras dos camiños”



En bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) – O Coto – Bodán – A Ribeira – Reguengo – O Pazo – Penaserra – Bidueiro – Camba – Varela – As Folgueiras – Fontarraña – Cha – O Valado.

**Descripción:** Partimos do centro de San Simón da Costa no barrio do Valado e collemos a estrada en dirección a Vilalba ata chegar ó lugar de Bodán, onde podemos contemplar o pazo e maila súa capela de San Roque. Chegamos á ponte da Veiga e apartamos á esquerda en dirección do centro parroquial de Samarugo no barrio de O Pazo, onde imos poder ver todo un conxunto histórico-artístico que conforma un gran pazo señorial antiga propiedade do Marechal Pardo de Cela, a Igrexa Parroquial, a capela de San Xillao e varias mostras de arquitectura popular típicas da chaira: as casas, os pozos, as palleiras... Tras esta parada, seguimos o camiño en dirección ó punto de partida: imos pasando por diferentes barrios, imos ter a oportunidade de ver o monte Monseivane á nosa dereita e numerosas cruces e cruceiros de pedra e de ferro que nos irán acompañando ata chegar á Igrexa Parroquial de San Simón da Costa, xa no Valado.

**Duración:** 3 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

**2. RUTA DE MONTOUTO:** “*a paisaxe de montaña neboenta na chaira*”

En bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** Regueiriño - Monte do Tarrelo - Igrexa de Santa María de Montouto – Alaxe – Vacariza – Leiras -A Arca - Coto da Capilla - Fonte Toxoso - Alto da Niveira.

**Descripción:** Partindo do Regueiriño, a cabalo ou en bicicleta, emprenderemos a marcha en dirección a Montouto. Pasado o Monte do Tarrelo, onde poderemos disfrutar de amplas zonas de monte baixo combinadas con vexetación autóctona, chegamos á parroquia de Montouto; o primeiro que albiscamos xa de lonxe é a sua nova Igrexa de nova pranta, en cemento cun estilo neogótico que rompe un pouco coa estética rural dominante na zona. Segundo a marcha visitaremos o cemiterio, que non deixa de presentar a sua peculiaridade por tratarse da antiga igrexa convertida en camposanto. Só conserva a cabeceira e unha parte do campanario, no canto dos muros laterais agora hai nichos; a carón do vello muro de cantería que rodeaba o recinto sagrado agora existe tamén outro de formigón.

Seguimos a ruta a carón do río Eume ata chegar ás aldeas de Alaxe e A Vacariza onde atopamos claros exemplos de arquitectura popular. O mesmo cabe decir de Leiras e máis A Arca. Dende este último barrio colleremos a dirección do Coto da Capilla por unha pista existente á sua entrada, seguiremos por esta pista ata chegar á altura da Fonte Toxoso e do Alto da Niveira; chegados a este punto teremos que emprender unha caminata de 300 metros a pé monte a través cara as Neveiras de Toxoso. Trátase dun percorrido duns vinte minutos aproximadamente ata chegar a uns grandes fosos, feitos no lombo da montaña, onde se pisaba a neve para conservala e convertila en xeo ata o seu transporte para Viveiro ou Ferrol.

**Duración:** cinco horas aproximadamente.

**Dificultade:** media-alta.

**3. RUTA DA BALSA:** “*convención de historia e paisaxe*”

En bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** Carballotorto (San Simón da Costa), Igrexa parroquial da Balsa (Muras), O Rego, As Bargañas, Castro, Ponte Bermud, Capela de Santo Estevo (A Balsa Pequena de Vilapedre).

**Descripción:** Partimos do lugar do Carballotorto (San Simón da Costa), onde visitaremos un muíño de parceiros que ainda moe. Seguimos a estrada local e chegamos á Igrexa parroquial da Balsa de gran interese artístico. Baixamos por varios pobos e chegamos á Ponte Bermud, de orixe romana. Xa no tramo final visitaremos a capela do Santo Estevo, onde se celebra unha romaría na honra a este santo, polo que as xentes da zona senten unha grande devoción. De volta, se apreta a calor, podemos dar un xeitoso baño nas augas do río Eume a carón dun muíño de dúas rodas.

**Duración:** 3 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** media-baixa, dependendo do medio de transporte.

**4. RUTA DE GOÍA:** “*na percura das panorámicas da chaira*”

En bicicleta, a cabalo ou escalada

**Tramos polos que discorre:** Alto de Goía (Muras e Xermade) – Lousada de Arriba – Lousada de Abaixo – O Carrizo (Santaballa, Vilalba)

**Descripción:** Partimos do mirador do Peñote enclavado na cima do monte do Castelo de Goía dende o que se poden ver amplas panorámicas da Terra Chá, onde podemos descansar nunha área recreativa con fonte e merendeiro, e mesmo practicar escalada nas xigantescas penas da zona. Baixamos pola pista de acceso ó monte, e seguimos a estrada que nos leva ata o campo da Igrexa de Lousada de Arriba, onde podemos fazer unhas fotos da Igrexa de recente constracción, dunha antiga escola e do fermoso cruceiro do adro. Seguimos a estrada en dirección Roupas e veremos un cruceiro de pedra á esquerda, que semella gran antigüedad. Chegamos ás necrópoles da Abelleira, onde podemos ver un extenso campo de mámoas a ámbolos dous lados da estrada. Collemos en dirección ó Fondal de Lousada de Abaixo, e imos ver as lagoas da mina de ferro de Lousada, hoxe en abandono. Seguindo a estrada chegaremos ó Pazo e vemos a Capela do Fondal e dous petos de ánimas que datan do 1900 e do 1952. Percorremos o camiño ata o final e chegamos para repousar enerxías ó Restaurante Carrizo, xa en Santaballa.

**Duración:** 5 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** media.

Algunhas das rutas parciais que poderíamos propoñer por este territorio serían, entre outras moitas posibles, as seguintes, tendo en conta que unha delas (a ruta nº 11) comeza xa a ser promocionada polo Concello de Vilalba en diversos folletos e guías turísticas que publicou o Concello.

## 1. RUTA DA INSUA



A pe

**Tramos polos que discorre:** Ponte da Insua (Vilapedre), barrio da Insua, baixada ó río, A Balsa Pequena (Vilapedre).

**Descripción:** Partimos da estrada O Viveiro-Irixoa no punto que leva ó barrio da Insua (Vilapedre). Atravesamos o río Eume pola ponte da Insua, nunha paraxe poboada dunha espesa e fermosa vexetación autóctona que adorna o río nun tramo no que debuxa unha insua, de aí o topónimo. Chegamos á aldea da Insua e subimos por un camiño á esquerda bordeado por un valado de pedra, que nos leva despois dunha pequena subida outra vez ó río. Irémoslo bordeando e chegaremos a un dos moitos muíños que hai na Balsa Pequena, en estado de abandono e emprazado nunha ladeira.

**Duración:** 1 hora

**Dificultade:** baixa

## 2. RUTA POLA IRIXOA



En bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** A Insua (Vilapedre), Sabucedo, Arealba, Travesal, Xuncal, Pascal, Pazo, Acibreiros, Igrexa de San Xillao de Irixoa.

**Descripción:** Partimos da aldea da Insua e seguindo a estrada local recorremos a cabalo os pobos arriba citados. Neles veremos grandiosos exemplos de arquitectura popular da zona, dende a prototípica casa labrega coas construccions anexas, ata á casa grande pacega. Resaltar a paisaxe de montaña que se nos presenta ó longo do percorrido, co monte Guriscado a un lado, a Serra do Xistral a outro e de costas a Serra da Carba.

No tramo final chegaremos á Igrexa parroquial de Irixoa servíndonos como guías as numerosas cruces e cruceiros de pedra que atopamos á beira do camiño.

**Duración:** 5 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

### **3. RUTA DO CASTELO DE GOÍA**



**Tramos polos que discorre:** Cernado (Vilapedre)-Igrexa do Chao de Lousada (Xermade)-Goía (Xermade e Muras).

**Descripción:** Partimos da aldea do Cernado, hoxe en estado de ruína, pola estrada que vai cara Lousada. A paisaxe coa que nos imos atopando é basicamente de monte baixo e algunha repoboación de pinos. Un pouco antes de chegar ó Chao, atopámonos cunha cruz de morte de pedra á dereita do camiño. Xa no Chao, visitaremos a Igrexa parroquial de recente construción e contemplaremos a fermosura do cruceiro do adro. Collemos a estrada da dereita e subimos ata o alto de Goía, dende onde hai unhas espléndidas vistas panorámicas de toda a chaira.

**Duración:** 3 horas e media, aproximadamente.

**Dificultade:** media.

### **4. RUTA DAS QUEIXERÍAS<sup>32</sup>**




**Tramos polos que discorre:** Moreda (Lanzós)-Pude-0 Valado-0 Catadoiro-0 Regueiriño-Augarrío (San Simón da Costa).

**Descripción:** Trataríase de percorrer as diferentes queixerías de San Simón da Costa (Prestes, Daniberto, Don Gabino, Catadoiro, O Valado, As Fontelas), partindo da queixería Don Crisanto de Moreda (Lanzós) e seguindo por estradas e velllos camiños.

**Duración:** 2 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

### **5. RUTA POLOS FORNOS**



**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) -Pasarelle-A Retorta-Penaserra- Ponte das Covas-Os Fornos-O Regueiriño (San Simón da Costa).

**Descripción:** Trátase dun fermoso percorrido que parte do centro da parroquia de San Simón da Costa (O Valado) e remata no barrio do Regueiriño da mesma parroquia. No Valado podemos ver a Igrexa Parroquial, o cementerio parroquial con nichos de canteira de estilo neogótico, a sede do antigo “Sindicato Agrícola Católico”, a escola habaneira e as numerosas cruces e cruceiros que se ubican preto da Igrexa. Podemos tomar algo na Taberna da María ou na Taberna-Queixería do Valado e subimos en dirección a

---

<sup>32</sup> Temos que ter conta que o Concello de Vilalba, baixo proposta do Órgano Rector do Queixo de San Simón da Costa, ten como proxecto acometer a sinalización de tódalas queixerías da zona, polo que se facilita grandemente o acceso a elas e faise máis factible un proxecto de ruta por todas elas.

Montouto. No recorrido imos vendo diversas cruces de pedra de interese. Ó chegar o lugar de Pasarelle collemos un camiño que leva ata a capela de San Pedro, hoxe en abandono, pero de gran interese artístico. Seguimos ata a Retorta, onde hai outra cruz de pedra, e chegamos a Penaserra, onde podemos parar a fotografar un fermoso cruceiro policromado feito polos canteiros de Román. Continuamos a estrada ata ver un camiño que baixa hacia o rego da Ribeira no seu tramo por Daulfe, Os Fornos e O Cal. Ó chegar embaixo imos ver varias fervenzas e varios muíños aproveitando a forza da auga na pendente do terreo, co excepcional entorno que proporcionan as fragas de carballos e bidueiras. Este tramos duns 300 mts. terían que ser acondicionados para poder camiñar sen maleza, poder ver os muíños e disfrutar das fervenzas e do entorno. Voltamos a estrada e seguimos ata chegar á Ponte das Covas -cruce de camiños-, alí collemos en dirección ó Regueiriño, cunha posible parada na Queixería de Prestes e na taberna do Ribeira, en Visodairas.

**Duración:** 3 horas a pé, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

## 6. RUTA DAS TABERNAS



En bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) -Pedrafita-Ponte dos Cabalos-A Seara-Funcasta-Visodairas-O Regueiriño (San Simón da Costa).

**Descripción:** Partimos do centro da parroquia de San Simón da Costa (O Valado), onde podemos ver a Igrexa Parroquial, o cemiterio parroquial con nichos de cantería de estilo neogótico, a sede do antigo “Sindicato Agrícola Católico”, a escola habaneira e as numerosas cruces e cruceiros que se ubican preto da Igrexa. Podemos tomarlle algo na Taberna da María ou na Taberna-Queixería do Valado. Baixamos en dirección ó Catadoiro, pasando ó lado do cemiterio da parroquia e da cruz da Pedrafita. O chegar a ésta, collemos á esquerda pola estrada que nos leva pola ponte dos Cabalos e remata na taberna do Seara. Séguese despois subindo ata Visodairas para rematar no Regueiriño. Polo camiño imos poder contemplar a arte das cruces e cruceiros nas beiras dos camiños e a fermosura que alcanza a paisaxe coa combinación das cores dos pastos e da vexetación autóctona.

**Duración:** Entre 1 hora e 1'30minutos, aproximadamente, dependendo da parada que se faiga nas tabernas.

**Dificultade:** baixa.

## 7. RUTA DAS HEDRADAS



A pe, en bicicleta ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa)– Fontarraña – As Hedradas – A Casanova- Pardasalbas – Presa – Pardasalbas – Fontarriba – Cha – O Valado.

**Descripción:** Partindo do Valado (San Simón da Costa) colleríamos hacia a parroquia de Samarugo e ó chegar ó lugar da Fontarraña, apartamos por unha estrada á esquerda que sube ata o lugar das Hedradas. Collemos un camiño que sube da última das casas do barrio e poderemos adentrarnos nun bonito recuncho de fervenzas e varios muíños. Seguimos o camiño atravesando o monte ata o lugar da Casanova, para o que temos que atravesar o rego de Laxoso a través dun bonito pontigo de pedra. Subimos ata a presa e

logo visitamos o barrio abandonado de Pardasalbas, regresando ó punto de partida. No camiño poderemos ver varias cruces de pedra de interese.

**Duración:** 2 horas aproximadamente.

**Dificultade:** media.

## **8. RUTA POLAS FERVENZAS DO COUSO**



A pe

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) – Fontarraña – Pontenova – O Couso (San Simón da Costa).

**Descripción:** Partimos do centro da parroquia de San Simón (O Valado) e collemos a estrada en dirección da parroquia de Samarugo, pasando pola Chá e Fontarraña ata chegar ó Cruceiro de Pena da Carreira, ubicado sobre uns penedos, xusto antes de chegar ás casas da Varela. Alí collemos un vello camiño que baixa ata o lugar deshabitado e abandonado do Couso. Transcorridos uns metros, apartamos por un carreiro á dereita para ver as fermosas fervenzas que caen sucesivamente unha trala outra, nun entorno de amplas e fermosas carballeiras e árbores autóctonas das riveiras dos ríos. No transcurso do rego de Laxoso neste tramo, imos atopar varios muíños, unha moa de afiar e unha pequena planta de luz eléctrica (caseto da luz), todo en abandono. Subimos de novo ata o camiño principal e finalmente chegamos ó barrio do Couso, que a pesares de estar deshabitado, segue a ter o seu encanto.

**Duración:** 1 hora.

**Dificultade:** media-alta, porque no tramo das fervenzas necesitaríase acometer unha boa campaña de limpeza e desbroce da maleza que invade o entorno, de gran pendente.

## **9. RUTA DE PORTO DOS TRONCOS**



A pe ou a cabalo

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) – Pasarelle – Ponte das Covas – Porto dos Troncos – Merlos – Penas de Lamaboa – O Cabradoiro – Montemeao – O Regueiriño.

**Descripción:** Partimos do Valado en dirección a Montouto pasando por Mariñanes, A Retorta, Pasarelle, Ponte das Covas, ata chegar a Caseixas, onde colleremos o camiño vello da Igrexa que sube dende Porto dos Troncos ata Merlos, podendo ver ó seu carón varias cruces esquecidas polo paso do tempo, así como varios muíños. Dende Merlos collemos o antigo camiño real Mondoñedo-Ferrol e pasamos polo Cabradoiro onde podemos facerlle unha foto ó fermoso cruceiro do Cabradoiro, co Cristo que se rí. Dende este barrio seguimos ata baixar polos Chaos do Regueiriño e rematar tomando algo nas tabernas do Regueiriño.

**Duración:** 1 hora e media, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

## **10. RUTA DO MONSEIVANE**



A pé, a cabalo ou escalada

**Tramos polos que discorre:** O Valado (San Simón da Costa) – Cha – Fontarraña – As Folgueirás – Casal – Monseivane (San Simón da Costa e Samarugo).

**Descripción:** Partimos do centro da parroquia de San Simón da Costa e collemos hacia a de Samarugo. Chegamos ata o lugar da Varela e apartamos por unha pista á

esquerda que nos leva en dirección do Casal e do pazo das Folgueiras. Antes de chegar ó pazo, cóllese un camiño á dereita que seguiremos ata chegar á cima do Monseivane. Para o gustoso de facer escalada, pode practicala nos numerosos penedos que iremos atopando polo camiño e na cima. Logo báixase pola fonte das Penas Mouras –onde hai unha pequena área de lecer- e bordeando a ladeira do monte Monseivane chegamos ó lugar de Campomaior, onde collemos a estrada á dereita ata chegar ó lugar de partida.

**Duración:** 5 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** media-alta.

Debido ó reclamo das terras de San Simón da Costa pola súa natureza, o seu patrimonio e a súa gastronomía, faise importante sinalar que esta última ruta de sendeirismo de ascensión ó monte de Monseivane (verdadeiro símbolo das terras altas de Vilalba) vai empezar a ser promocionada polo Concello de Vilalba, xa que nos próximos meses acometerase un traballo de sinalización a cargo da Escola Taller.

## 11. RUTA DA CAPELA DOS MOUROS<sup>33</sup>



A pé

**Tramos polos que discorre:** Moreda (Lanzós) – San Simón da Costa – Candaído – Camba (Samarugo).

**Descripción:** Dende San Simón hai que coller a estrada de Corbelle con dirección a Candaído. Unha pista á esquerda antes de chegar a este lugar leva á anta que no lugar se coñece como “Igrexa dos Mouros”, unha das mellor conservadas da zona.

**Duración:** 2 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** baixa.

## 12. RUTA DA PEDRA DOS MILLÓS<sup>34</sup>



A pé

**Tramos polos que discorre:** Lanzós- A Bouza -Porto de Bois (Vilapedre).

**Descripción:** De Lanzós collemos cara A Bouza, con dirección a Vilapedre. Na Bouza a 5 Km. de Lanzós, collemos un desvío á dereita que sinala Costa, despois de circular case 1 Km. A chanta dos millós (procedente dunha mámoa da zona) está na aira dunha casa particular á dereita, no lugar de Porto de Bois.

**Duración:** 3 horas, aproximadamente.

**Dificultade:** ningunha.

## 4.4. PLAN DE SINALIZACIÓN

Faise imprescindible acometer un plan de sinalización na zona de cara ó seu mellor coñecemento para o viaxeiro/a que ven de fora, deseñando dous tipos básicos de sinais, sempre acordes coa normativa vixente e non rompendo coa estética da sinalización que xa emprendeu a Fundación Comarcal Terra Chá na zona no último programa Leader II: por unha parte, teríanse en conta os sinais básicos imprescindibles para face-

<sup>33</sup> BOGA MOSCOSO, Ramón. *Dólmenes de Galicia*. A Coruña: Edición Bahía, 1997. Páx. 114.

<sup>34</sup> Ibidem, páx. 111-112.

ren os diferentes roteiros e, por outra, os paneis informativos daqueles monumentos e lugares que así o requirán.

Establecemos tres categorías de sinais: sinalización de primeira, segunda e terceira orde, de máis xenérico a máis concreto.

Os **sinais de primeira orde**, colócanse na entrada/saída de cada ruta e nelas esquematízase o itinerario da ruta completa.

Os **sinais de segunda orde**, informarían da localización dos puntos más importantes a visitar dentro da ruta principal.

Os **sinais de terceira orde**, serían hitos de información moi concreta, e teñen por obxectivo axudar ó viaxeiro/a a non perderse ou apartarse da ruta deseñada.

Con respecto ós paneis informativos dicir que éstes constarían dunha foto do monumento ou lugar en cuestión que nos permita situarnos, acompañada dunha breve descripción que se faría en galego, por comprendermos que o patrimonio lingüístico tamén é digno cando menos de atención para que unha seña de identidade tan relevante para Galicia como é o noso idioma non se perda, e porque pensamos que as sinais e os paneis deben respetar a toponomía orixinal da zona e a lingua que emprega a xente desa zona, por respeito á poboación local. Para o viaxeiro/a que ven de fóra tampouco resultaría nada difícil ler un panel en galego, se pensamos que de poñerse a falar con calquera veciño/a da zona sería a lingua que vai escutar. A lingua non ten porqué supoñer un conflicto nen unha traba.

#### 4.5. DIVULGACIÓN: DESEÑO DUN PAQUETE TURÍSTICO

Para dar a coñecer este proxecto de dinamización das Terras da Carba e Monseivane faise imprescindible unha campaña de divulgación de tódolos eixes sobre os que se vai mover este proxecto: o Centro de Interpretación de Simón da Costa, a Escola Ecolólica da Insua, a Aula de Patrimonio de Irixoa e o barrio rehabilitado do Cernado, dando a coñecer o espíritu das xentes e a riqueza patrimonial destas terras altas da Chaira deseñando para elo un paquete turístico global, orixinal e chamativo para dar a coñecer un territorio pouco coñecido, debido ó moito protagonismo que lle quitan tanto a Serra do Xistral ó norte cun alto valor natural e o corazón da Chaira coas lagoas de Cospeito, o Parador de Turismo de Vilalba e un longo etcétera. Por esto mesmo titularíamos este proxecto “*As Terras da Carba e Monseivane... emerxendo entre a memoria e o esquecemento*”.

No camiño de promoción da inmensa riqueza patrimonial da zona que pretendemos poñer en valor, xa andivemos os primeiros pasos. No outono de 1999 naceu a idea de facer un inventario dos recursos patrimoniais da Terra Chá e pensamos en empezar con San Simón da Costa, polo seu grande tirón gastronómico e por seren unhas terras de montaña dentro da Chaira. Fixemos unha catalogación de todo o patrimonio da parroquia e decidímonos organizar unha exposición debido ó moito material fotográfico e documental que fomos recopilando, de cara a dar a coñecer á xente de Vilalba e da comarca o seu inmenso patrimonio tan descoñecido e de, ó mesmo tempo, concienciar na defensa do patrimonio. O noso gran descubrimento á hora de realizar esta exposición foi o grande interese co que foi acollida polas xentes de San Simón e a grande sorpresa que se levou moita xente ó coñecer recunchos naturais e do patrimonio dos que non tiña coñecemento a pesares de estar tan preto. A raíz disto pensamos en proseguir con exposicións doutras parroquias anexas, pensando na zona de produción do queixo e arredores, pois evidentemente a comarca da Terra Chá é moi grande.

É de destacar a edición de trípticos que fixemos para a exposición: Das cousas e dos contos de San Simón da Costa.

Isto ven a ser o xermolo do noso proxecto no que tentamos dinamizar estas terras e poñer en valor o seu patrimonio, tan esquecido. O primeiro paso de cara a promoción do noso proxecto podería ser o tríptico que propoñemos, onde facemos un breve percorrido pola zona e polos puntos de actuación e posta en valor nos que se basa o noso proxecto.

## 5. VIAS DE FINANCIACIÓN

Neste capítulo tentamos propoñer as posibles vías de financiación básicas de cara á unha viabilidade económica deste ambicioso proxecto.

As nosas miradas oriéntanse principalmente cara a tres direccións fundamentais, sen descartar en ningun caso calquera outra oferta posible; pensamos por unha banda naquelhas grandes empresas que actúan ou dalgunha maneira están relacionadas coa zona. Empresas como Endesa, todas aquellas relacionadas cos parques eólicos que tanto proliferaron nestas zonas (Sotavento, Gamesa, Grupo de empresas Sanmartín, Norvento, Acción Eólica de Galicia-Alave, Made Energías Renovables, S.A., ...), Barras Eléctricas (Electra de Viesgo-Enel), Caixa Galicia, Caixanova, Caixa Rural de Lugo, Banco Pastor, Unión Fenosa, Leite de Galicia Láctalis-Président, Grupo Villamartín, etc... que en moitos casos teñen destinado fondos a proxectos culturais, agora poderían ter unha boa oportunidade de proxectalos nunha iniciativa que lles toca ben de cerca. Por outra banda tentamos tamén atopar cobertura naqueles fondos que proveñen de plans europeos para o desenvolvemento rural, xa sea o actual LEADER PLUS, "CULTURA 2004" ou semeillantes, que veñen abalando proxectos deste tipo. A terceira vía de financiación á que facemos referencia son os concellos nos que nos desembolvemos: Muras, Vilalba, Abadín e Xermade, ...ampliando o horizonte á Diputación de Lugo e todas aquellas institucións que consideremos factibles...

De cara á financiación non nos esquecemos, tamén pensando nun mantemento futuro, da posibilidade de autosostemento.

Así mesmo, tratamos tamén de posibilitar a posta en marcha deste proxecto establecendo diferentes fases aplicables a distintos períodos:

- 1<sup>a</sup>) Comenzando por un estudio exhaustivo da zona e unha conseguinte divulgación para dar a coñecer a súa grande riqueza patrimonial, co deseño das rutas principais pola zona e diversas actividades (concertos, teatro, etc...), despertando así un interese no principal público receptor do proxecto.
- 2<sup>a</sup>) Acondicionar o inmoble da Casa Escola de San Simón para o Centro de Interpretación do Queixo de San Simón e outros productos da zona.
- 3<sup>a</sup>) Posta en marcha da Escola Ecolóxica na Insua, da que falamos en páxinas anteriores.
- 4<sup>a</sup>) Rehabilitación do barrio do Cernado ou outro previamente estudiado, dependendo da inversión que se queira fazer e do estado de conservación do lugar.

Propoñemos este desenrollo en fases para posibilitar unha más factible posta en funcionamento do proxecto. Así a entidade financiadora poderá escoller unha fase, dúas ou as que considere oportuno ata desenrolarse o proxecto. Se só está interesada por unha fase, parte do obxectivo do proxecto xa estaría cumprido: a dinamización das Terras da

Carba e Monseivane. A primeira fase xa está comenzada, faltaría só completar un vasto traballo de campo e de investigación documental xa iniciado por nós e que continuaríamos tentando levar unha adecuada xestión de cara a posta en marcha da totalidade deste proxecto.

## 6. CONCLUSIÓNS

*“Os sonos utópicos do home poden ser levados á realidade en épocas moi posteriores ós que foron concebidos”.* Berrogüeto.

Centrarnos as nosas conclusóns en catro cuestiós básicas que tentan sintetizar dalgunha maneira os grandes retos da xestión do patrimonio que tentamos levar a cabo co proxecto de dinamización das Terras da Carba e Monseivane anteriormente desenrolado:

a) tentamos primeiramente relacionar patrimonio e identidade, e máis tratándose dun proxecto onde se trata de dinamizar todo un territorio. A maneira en que o patrimonio pode actuar ou actúa como elemento xenerador de imaxen e de identidade territorial.

b) establecemos tamén un relación entre patrimonio e economía, algo fundamental de cara o mantemento do proxecto e de cara a revitalización económica desta zona.  
Cómo garantizar a rentabilidade das inversiós en patrimonio.

c) creamos tamén importante a relación entre o patrimonio e a sociedade, de maneira que o desenrollo desta oferta patrimonial contribúa a mellorar a calidade de vida da poboación local.

d) o último gran reto é para nós a relación entre o patrimonio e a educación, inculcando nas xentes valores de respeito polo patrimonio, tanto sexa natural como material, inmaterial ou lingüístico.

## 7. BIBLIOGRAFÍA

### Libros e manuais

- “Adalís da cultura chairega”, en *El Progreso*, 6-abril-2002.
- Alumnos do C.E.I.P. “Antonio Insua Bermúdez” de Vilalba. *Lendas, contos e outras historias*. Xunta de Galicia, 2000.
- AMOR MEILÁN, M. *Geografía General del Reino de Galicia*. Ediciones Gallegas, 1980.
- BOGA MOSCOSO, Ramón. *Dólmenes de Galicia*. Bahía edicións, 1997.
- BONET, Luis; CASTAÑER, Xavier e FONT, Josep. *Gestión de proyectos culturales*. Análisis de casos. Ariel Practicum.
- COMPAIRÉ FERNÁNDEZ, C. *Mejora de los quesos gallegos*. Madrid, 1965.
- CORREA, Xulio e VILELA, Xosé Luis. *Galicia cuatro estaciones*. Hércules Ediciones, S.A.
- CRESPO, J. S. *Blasones y linajes de Galicia*. A Coruña: Edicionés Boreal, 1997.
- CUBA RODRÍGUEZ, X.R. “*Historias e lendas da Terra Chá. Algúns seres míticos das lendas chairegas*”, en *El Progreso*, “Cantón”, 13-agosto-1989.
- CUBA RODRÍGUEZ, X. R. e REIGOSA CARREIRAS, A. “*Xeografía mítica da provincia de Lugo (I). Cen lugares con lenda*”, en revista “*Croa*”, nº 8, 1998.
- CUNQUEIRO, Álvaro. *Herba aquí ou acolá*. Vigo: Galaxia, 1991.
- “*El descenso de población, motivo de alarma en algunos concellos chairegos*”, en *La Voz de Galicia*, 9-xaneiro-1999.
- “*El nuevo Leader contempla proyectos por dos mil millones para A Chairea*”, en *La Voz de Galicia*, 8-setembro-2001.
- “*Familia destina diecisiete millones para reformar escuelas habaneras en Vilalba*”, en *La Voz de*

- Galicia, 10-outubro-1998.*
- FARIÑA JAMARDO, X. *Os Concellos galegos*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993.
  - GALEANO, Eduardo. *Patas arriba. La escuela del mundo al revés*. Siglo Veintiuno, 2002.
  - GARCIA, Xosé Lois. *Lectura e itinerario posibel pola Terra Chá de Manuel María*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 1994.
  - GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. *El folclore en los castros gallegos*. Secretariado Universidade de Santiago, 1971.
  - IRIGO DIAZ, Feliciano. *Os signos lapidarios nas terras de Galicia*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 1993.
  - “*La cultura de San Simón. Estudiantes villalbeses elaboran un estudio sobre el patrimonio etnográfico de la parroquia*”, en *El Progreso*, 26-febreiro-2002.
  - LENCE SANTAR, Eduardo. *Etnografía Mindoniense*. Edición de Armando Requeixo. A Coruña: Follas Novas, 2000.
  - LLORDEN MIÑAMBRES, Moisés. *¡O asociacionismo dos emigrantes españoles en América (1840-1930). Unha explicación histórica do feito*”, en *Estudios Migratorios*, nº2. Consello de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia, 1996. Pp. 32-84.
  - MANUEL MARÍA. *Versos de 30 outonos (escolma: 1980-1979)*. Ed. Xistral, 1980.
  - MANUEL MARÍA. *Terra Chá*. Xerais, 1989. Col. Biblioteca das Letras Galegas.
  - “*Más deterioro en San Simón*”, en *El Progreso*, 20-novembro-1997.
  - MATO VIZOSO, M. *Monumentos, castros y otras antigüedades visitadas. Monumentos megalíticos. Límites del partido de Villalba*. Apuntes, 1890.
  - MATO VIZOSO, M. *Estudios históricos de Vilalba y su comarca*. Edición de X. A. Pombo Mosquera. Diputación Provincial de Lugo.
  - MÉNDEZ FERRÍN, X. L. *Con pólvora e Magnolias*. Ed. Xerais, 1989.
  - MONTEAGUDO GARCIA, L. “*La unidad cultural de la Europa atlántica en la Edad de Bronce*”, en *Os Celtas da Europa Atlántica. Actas do I Congreso sobre a Cultura Celta*. Agosto 1997.
  - NASEIRO RAMUDO, P. “*Historias e tendas da Terra Chá*”, en *El Progreso*, 8/8/1989.
  - OTERO CAO, V. *Apuntes históricos de la comarca de Muras*. 2 vols. Lugo: Ediciones Celta, 1953-55.
  - OTERO CAO, V. *Villalba y su jurisdicción*. 2 vols. Vilalba, 1963.
  - “*O Xistral, incluída en la Propuesta de la Reserva de la Biosfera Alto Miño*”, en *El Progreso*, 8-maio-2002.
  - PASCUAL MADOZ. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Tomo VII. Madrid, 1847.
  - PIÑEIRO, Ramón. *Filosofía da saudade*. Biblioteca Galega 120. La Voz de Galicia. Galaxia, 2001.
  - Plano Guía de Vilalba*. Concello de Vilalba, 2002.
  - Poesía popular galega*. La Voz de Galicia-Biblioteca Galega, Edicións Xerais de Galicia, 2001.
  - POMBO MOSQUERA, J. A. e REGO ÁLVAREZ, M. L. “*O megalitismo nas terras de Vilalba (Lugo)*”, en *Brigantium*, nº 7, 1991-92.
  - Programa de festas na honra a San Pedro e a Virxen do Cobre-Muras 2000*. Concello de Muras, 2000.
  - REIGOSA CARREIRAS, A. “*Notas para unha clasificación das historias e lendas da Terra Chá*”, en *El Progreso*, Táboa Redonda, 8/8/1989.
  - ROCA CENDÁN, Manolo. “*A poboación de Vilalba no século XX*”. En *Libro das festas de San Ramón e Santa María de Vilalba*. Ed. Asociación Cultural Festas S. Ramón e Santa María de Vilalba, 2000.
  - “*Saber vender lo propio. Jóvenes vilalbeses proponen crear el Museo do Queixo de San Simón*”, en *La Voz de Galicia*. Especial San Ramón. 30-agosto-2001.
  - SALAZAR Y CASTRO. *Genealogía y heráldica*.
  - Seminario de Sta. Catalina de Mondoñedo. *A Carón do lume*. Lugo: Citania, 1999.
  - “*Una exposición advierte del deterioro patrimonial de San Simón, en Vilalba*”, en *La Voz de Galicia*, martes 9-abril-2002.
  - “*Un lugar para descubrir. Das cousas e dos contos de San Simón da Costa, recoge el valioso patrimonio de esta parroquia*”, en *El Progreso*, 6-abril-2002.
  - VARELA, Xosé e LOBATO, Xurxo. *Eume*. Endesa, 1996.

- VÁZQUEZ SEIJAS, M. "Riqueza megalítica en tierras de Villalba", en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, tomo II, 1945.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. "El Castro de Villamayor de San Simón de la Cuesta", en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, tomo IV, 1950.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. "El castro de Víllamayor de San Simón de la Cuesta. Nuevos hallazgos prehistóricos en la comarca villalbesa", en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, tomo IV, 1950.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. *Fortalezas de Lugo y su provincia*. Lugo: Diputación Provincial, 1970.
- VV.AA. *Cerna. Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente*. Número 24-25-26. 1998-1999. Ed. Adega. Xuño 1998-Febreiro 1999.
- VV.AA. *Geografía General del Reino de Galicia*. Ediciones Gallegas, S.A., 1980.
- VV.AA. *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago-Gijón, 1974-1978.
- VV.AA. *Guía de los ríos de Lugo*. El Progreso. Ed. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Xunta de Galicia.
- VV.AA. *Historia General del Reino de Galicia*. Ediciones Gallegas, S.A., 1980.
- VV.AA. *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1975-1983.
- VV.AA. *Manuel María*. Asociación Cultural Xermolos 2001.
- VV.AA. *Plano guía de Vilalba*. Concello de Vilalba.2002.
- XOHÁN CABANA, Darío. *Ábrelle a porta ó Día*. Ediciós do Castro, 1981.

**b) Fontes documentais**

- ARQUIVO DIOCESANO DE MONDOÑEDO

- Libros parroquiais de Fábrica, Confrarías e Partidas de Bautismos, Matrimonios e Defuncións de San Simón da Costa (Vilalba).
- Libros de Expedentes de Presentación de San Simón da Costa
- Carpeta de documentación varia de San Simón da Costa

- ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO


- Documentos da "Federación mindoniense de Sindicatos Agrícolas Católicos", sección Administración institucional-Organización Sindical.
- Documentos da Sociedade "Unión de San Simón y Samarugo", sección Goberno Civil.

**c) Páxinas web**


- <http://www.consellodacultura.org/arquivos/aeg/traballo.html>
- <http://www.diputacionlugo.org>
- <http://www.eldiariomontanes.es/patrimonio/museos/mus20:htm>
- <http://www.mediamweb.com>
- <http://www.portaminha.net>
- <http://www.sierranorte.com/citeco/index.html>
- <http://www.ssimondacosta.com>
- <http://www.vilalba.org>
- [http://www.xunta.es/auto/comarcas/gallego/fundacio/t\\_cha/tcha.htm](http://www.xunta.es/auto/comarcas/gallego/fundacio/t_cha/tcha.htm)
- <http://www.xunta.es/servicios/nomenclator>

**d) CD e vídeos**

- CAMPILLO GARRIGÓS, Rosa. *La gestión y el gestor del patrimonio cultural*.
- BERROGÜETO. *Hepta*. Boa Music. Colección do Fol, 2002.
- BERROGÜETO. *Viaxe por Urticaria*. Boa Music. Colección do Fol, 1999.
- CHOUTEIRA. *Folla de lata*. Boa Music, Colección do Fol.
- GAITEIROS DO INCIO. Xarín. Zouma Records, 1999.
- PIÑEIRO FUNCSTA, Alfonso; FERNÁNDEZ ACEVO, Xesús e DOURAL LEIRAS, Alvaro. *Queixo de San Simón, gotas de ouro na Terra Chá*. 2002. (Vídeo)
- PIÑEIRO FUNCSTA, Alfonso; FERNÁNDEZ ACEVO, Xesús e DOURAL LEIRAS, Alvaro. *Norberto: un zoqueiro da Terra Chá*. 2002. (Vídeo)
- UXÍA. *Danza das areas*. Virgin, S.A., 2000.
- VV.AA. *Ball-Cans. Projecto ninguén*. Runa Records, 2000.
- XUNTA DE GALICIA. *Rede Natura 2000. Proposta galega de lugares LIC*. Consellería de Medio Ambiente.



Vistas da Carba



As bestas entre os eólicos.



**Outra toma da Carba.**



**Bustofreán: un barrio da Carba.**



O Monseivane.



O Alto Eume.



As neveiras de Toxoso.



As vacas do monte.